

## **SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 30 DE XANEIRO DE**

**2014**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día trinta de xaneiro de dous mil catorce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño e dona Elisa Pestonit Barreiros, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, de EU; dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto e don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Non asiste, con escusa, dona M<sup>a</sup> Eugenia Mantiñán Méndez, de UxC.

Asisten dona M<sup>a</sup> Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona Verónica M<sup>a</sup> Otero López, técnica de xestión de administración xeral, por delegación da secretaria da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1. Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 28 de novembro de 2013**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 28 de novembro de 2013.

Non se formulan alegacións polo que, a Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros que están hoxe presentes e que asistiron á citada sesión, aprobou o citado borrador.

## **2. PARTE RESOLUTIVA**

### **2.1. Recurso de reposición interposto pola Asociación Galega de Escolas Infantís (AGADEI), contra o acordo plenario adoptado o día 19 de decembro de 2013, respecto da formalización dun convenio de colaboración entre a Fundación Amancio Ortega, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Cambre para a construción dunha escola infantil 0-3 no Concello de Cambre**

Vista a proposta da Alcaldía do día 24 de xaneiro de 2014.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda e a Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social do día 28 de xaneiro de 2014.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, concelleira do PP, explica que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria de 19 de decembro de 2013, acordou conceder ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar o uso dunha parcela de 2000 m<sup>2</sup>, situada no Temple, para construír unha escola infantil, sendo a concesión por uso de 25 anos, prorrogables a outros 25 máis. Igualmente, acordouse aprobar o texto do convenio de colaboración a formalizar entre a Fundación Amancio Ortega, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Cambre para a construción dunha escola infantil de 0-3.

O día 20 de xaneiro de 2014 rexistrouse de entrada co núm. 00/352 un recurso potestativo de reposición presentado pola Asociación Galega de Escolas Infantís (AGADEI), contra o acordo adoptado.

Tendo en conta o informe emitido pola coordinadora de Servizos Sociais, de data 23 de xaneiro de 2014, así como o informe xurídico emitido pola secretaria da Corporación, de data 24 de xaneiro de 2014, propón ao Pleno da Corporación acordar desestimar o recurso de reposición presentado pola Asociación Galega de Escolas Infantís contra o acordo adoptado polo pleno da Corporación o 19 de decembro de 2013, respecto da formalización dun convenio de colaboración entre a Fundación Amancio Ortega, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Cambre para a construción dunha escola infantil 0-3 no Concello de Cambre.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o grupo socialista vai apoiar a proposta que se realiza polo equipo de goberno para desestimar o recurso interposto, toda vez que entenden que o acordo adoptado no seu momento para referendar o convenio presentado polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a Fundación Amancio Ortega para a construción desa nova escola infantil, recolle todos os requisitos de legalidade que son necesarios para adoptar un acordo como o citado. Polo tanto, reiteran a finalidade do seu apoio no seu momento, á necesidade de que se leve a cabo, á maior brevidade posible, a construción dunha nova escola infantil tan demandada e tan necesaria no Concello de Cambre.

Conclúe dicindo que, por todo isto, van apoiar a proposta da Alcaldía nos termos que se lles presenta.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que eles tamén, despois de ver os informes, van cambiar o voto da comisión e van votar a prol.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que con independencia da necesaria desestimación do recurso que AGADEI interpón co ánimo de impugnar a construción dunha escola infantil pública no Temple, tamén coidan que é necesario que queden claros varios aspectos que son consecuencia do feito de que ese recurso se teña interposto.

Di que é un recurso que todos leron e, dende o seu grupo municipal, atopan auténticos despropósitos que atentan contra a defensa da actividade pública en favor da iniciativa privada. Ante todo queren deixar claro tamén que dende o grupo de EU parten sempre do respecto que lles merece a potestade que todos e todas teñen para denunciar calquera cousa que lles pareza inxusta. Precisamente para iso existen mecanismos que permiten que un tribunal sexa o que decida no caso de que alguén coide que se están danando os seus dereitos.

Partindo dese respecto e dito iso, a propia asociación recoñece na alegación primeira que vai esgotar todas as vías para deter a construción da escola infantil pública en Cambre, de modo que este recurso, con esa primeira alegación que fai a propia asociación, adquire un carácter xa máis aló do que podería ser simplemente unha reclamación por una asociación de empresarios co fin de instar a unha administración a que decida sacrificar un servizo público que legalmente adquiriu como compromiso no salón de plenos.

Hai algunhas alegacións nas que tampouco hai necesidade de entrar, por exemplo que o concello leva a cabo esta cesión para que a Fundación Amancio Ortega constrúa unha escola infantil pública, que o fai co obxecto de evitar a libre competencia empresarial e distorsionar as regras de mercado. Di que ese tipo de despropósito, ese tipo de argumentacións só se lle poden ocorrer aos que se aproveitan, neste caso do lucro dunha praza infantil, sen ter en conta, aínda que tampouco teñen por que telo, que o labor dunha administración, e o labor desta administración pública, é procurar o ben público para os veciños.

Todo isto están facéndoo constar porque ela, que é un pouco mal pensada, chega a unha conclusión con este recurso. Di que a propia asociación probablemente, e isto si que é unha opinión persoal, coidan que é consciente de que este pleno vai desestimar o recurso, e seguramente, e segue insistindo en que estas son opinións persoais e opinións segundo a información e documentación que teñen, seguramente esa asociación tamén é consciente de que ante instancias superiores e ante recursos ou amparos que se pidan con posterioridade, a guerra está perdida para eles, seguramente. Así debería ser nun Estado de dereito onde as institucións públicas teñen o deber, pero tamén o dereito, de amparar a determinados sectores, como pode ser a educación, que neste rango todos saben que non é obrigatoria, pero si é susceptible de ser ofertada como praza de carácter público e así o contemplan as leis.

Chegados a este punto poden ocorrer dúas cousas, a primeira posibilidade é que nalgunha das instancias se admita a petición desta asociación. Conclusión, Cambre perde a escola infantil. E a posibilidade B, que non se admita, e que o Concello de Cambre saia vitorioso.

Neste segundo suposto teñen tamén un problema, que é que pode existir a posibilidade de que a Fundación Amancio Ortega, que todos saben que tiña moita présa por construír a escola infantil, se bote para atrás, é unha posibilidade. Dito doutro modo, están a enfrontarse ao risco real de que pase o que pase en Cambre poden perder a escola infantil, ben sexa porque se admite, ben sexa porque a fundación se canse de esperar a trámites e a resolucións de diferentes instancias, de modo que, en caso de producirse algunha destas dúas posibilidades, eles vanse atopar de novo cun soar. O famoso soar no que se ía construír un centro de día, que xa se sacrificou cun semicompromiso de que se lle vai buscar outro sitio, e no que xa tampouco poderían colocar unha escola infantil.

Continúa dicindo que se isto é unha estratexema ben elaborada por algún sisudo asesor con algún tipo de interese en que non se constrúa a escola infantil pública, o seu labor, o labor do concello, o labor do equipo de goberno e o labor da Corporación, é tomar partida directa neste asunto. Por este motivo, eles instan ao Sr. alcalde directamente a que se comprometa a expresamente, e que así o recolla a acta deste pleno, por un lado a que se leven a cabo todas e cantas accións sexan necesarias para loitar pola construción da escola infantil pública, de acordo co acordo, vaia a redundancia, plenario que así o ditaminou, e a utilizar todos os mecanismos e acudir a todas as instancias que legalmente lles correspondan para impedir que prospere a iniciativa que impedirá aos veciños que poidan acceder a unha praza pública para os seus fillos menores de 3 anos.

Tamén lle piden ao Sr. Rivas que se comprometa, neste momento, a manter unha conversa urxente coa Fundación Amancio Ortega para poñer en coñecemento dos seus responsables que, se así sae ditaminado deste pleno, van levar a cabo toda e canta medida sexa necesaria para que o dito convenio prospere.

Por último, e coidan que moi importante, que no hipotético caso no que finalmente a construción da escola non sexa levada a cabo, ou non puidera chegar a ser levada a cabo pola Fundación Amancio Ortega, por calquera motivo diferente a un ditame xudicial, pídenlle tamén o compromiso en firme ao Sr. alcalde de que este Goberno tomará as medidas oportunas para esixir á asociación a remuneración de todos os danos e prexuízos, como eles mesmos fan neste recurso, que puidera chegar a causar a non construción da escola pública en Cambre.

Conclúe dicindo que estes compromisos son necesarios despois de todo o proceso laborioso que levou chegar ao acordo para a construción da escola infantil.

Toma a palabra o Sr. alcalde para preguntarlle á Sra. concelleira que vai votar á proposta, si ou non, porque el sinceramente non o sabe.

Ela pídelo que adquira uns compromisos de algo que aínda non sucedeu, que sería presentar un recurso ante a xustiza no xulgado. Di que el falou hoxe pola mañá coa Fundación Amancio Ortega, el está en contacto permanente, todos os días, coa Fundación Amancio Ortega. O único que traen a pleno é o que ten que resolver o Pleno, que para iso é plenipotenciario, que é resolver un recurso de reposición presentado contra o acordo plenario tomado o día 19 de decembro. O que suceda a partir de aí, será na xustiza ordinaria e o que dite a xustiza ordinaria. Di que el como

alcalde non vai adquirir compromisos de algo que aínda non se presentou na xustiza ordinaria, polo menos que el saiba.

O Pleno ten que resolver o recurso, unha vez resolto o Concello de Cambre, a Xunta de Galicia e a Fundación Amancio Ortega asinarán o convenio para a construción da escola infantil. Non vai haber ningún problema, é máis, van empezar de inmediato, en canto o concello lles dea a licenza, que xa está en marcha. Xa teñen presentado o proxecto e xa teñen todo en marcha.

Di que a Sra. concelleira estalle pedindo que adquira un compromiso de algo que está no aire, é como se adquira o compromiso de que haxa un señor na lúa cando están fabricando o foguete que vai ir aló. Aquí o que traen é a resolución do recurso, porque é competencia do Pleno resolvelo, e non traen máis, e ela pídelle compromisos que el non pode adquirir, sobre algo que aínda non sucedeu.

Iso de que se comprometa a falar coa Fundación Amancio Ortega xa lle di que si, que fala todos os días con don Óscar Ortega, todos os días sobre este tema. Coa Xunta de Galicia non todos os días, pero si a semana pasada e si esta semana, porque este é un tema que lle preocupa. Eles cederon un soar para facer unha escola infantil e hai que facer a escola infantil, porque, ademais, hai moitas persoas implicadas, hai un proxecto feito, hai gastos dun estudo de arquitectura, hai moitos pasos dados.

Conclúe dicindo que hai un recurso e eles teñen que resolver o que lles toca a eles, o resto o resolverá a xustiza, pero este recurso presentouse á Xunta de Galicia, a Xunta ten coñecemento del, e é a primeira interesada en facer a escola infantil, senón non asinaría o convenio nin comprometería á Fundación Amancio Ortega.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López di que parece que todo o que din o toma á defensiva, cando realmente a súa intención non é discutir respecto deste tema, xa haberá outros para discutir, e dá fe de que os vai haber.

Di que a intención desta petición simplemente é que moitas veces este concello e este Goberno ten tido o problema de non anticiparse a futuros problemas. Eles non sabían no momento en que se trouxo a pleno o acordo para a aprobación do convenio coa Fundación Amancio Ortega que se ía presentar este recurso, independentemente de que si é certo que xa recibiran determinado tipo de documentación informando por parte da asociación de que non crían que fora conveniente e de que tiñan o seu prisma respecto desa construción, iso xa o sabían todos. Eles saben perfectamente que o que se trae a pleno é a desestimación proposta polo Goberno municipal deste recurso. Iso perfecto, pero é que despois desa desestimación, na alegación primeira a propia asociación di que vai esgotar todas as vías. A pregunta é, e esta parte si que pode ser que ao mellor ela estea equivocada, pero pregunta se non se pode dar o caso de que se paralice a construción da escola á espera dunha resolución, de que de súpeto o concello diga que dá licenza, a Xunta estea de acordo, a Fundación Amancio Ortega estea de acordo, pero resulta que se paraliza a construción á espera de que se ditamine. Coida que pode ser así, e por iso a súa petición, porque a Fundación Amancio Ortega que vai facer nove escolas ao longo de toda a xeografía galega, poida dicir que os de Cambre lle están dando problemas co tema do recurso, e entón decida non facela. Di que é unha posibilidade, ela non di que vaia ocorrer, e alégralle moito

que o Sr. alcalde fale todos os días con ese señor, pero existe esa posibilidade. Tamén existe a posibilidade de que digan que non, que eles van seguir para adiante coa escola infantil, pois entón daranlle un aplauso e celebrarán a construción da escola.

O único que están pedindo é que o alcalde se comprometa a utilizar todos os medios para defender este acordo plenario, nin máis nin menos. Non hai unha petición que poña en risco nada, dille ao Sr. alcalde que non se asuste, simplemente é chegar a ese punto de compromiso, non é nada máis perigoso.

Conclúe dicindo que van votar a prol da desestimación.

Toma a palabra o Sr. alcalde para darlle as grazas e dicirlle que agora fíxoo ben, agora pediulle que se comprometa a poñer toda a carne no asador para sacar adiante a escola infantil, parécelle ben, pero ela antes fixera unha desagregación de compromisos que el loxicamente non pode asumir. Pregúntalle se se dá conta de cal é a diferenza, porque non é o mesmo. Pero agradécelle que voten a prol.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que dende o seu grupo pensan que do recurso que presenta a asociación AGADEI ideoloxicamente pódense dicir moitas cousas, hai moito que discutir, e está moi lonxe do BNG, porque fai unha defensa dos intereses privados fronte ao interese público, fronte á política social, que roza o inconstitucional e que vai en contra do Estado de benestar.

Pero di que vai ser prudente e basearse só nos informes técnicos que lles presentan dende Servizos Sociais, e que din que no curso 2013-2014, 80 nenos de Cambre quedaron sen praza na escola infantil da Barcala, a única escola infantil que teñen en Cambre. Por outra banda tamén di que en Cambre, cunha poboación de 24000 habitantes, só teñen unha escola infantil pública, mentres que Culleredo, con 29000 habitantes ten tres.

Estes dous argumentos son suficientes para xustificar a creación desta nova escola, que ademais lles regala a Fundación Amancio Ortega, porque recorda, só por se hai algunha persoa despistada, que esta escola infantil non a vai facer a Xunta nin a Deputación, que é un regalo da Fundación Amancio Ortega.

Conclúe dicindo que van manter o seu voto a prol da desestimación deste recurso.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que dende logo non vai ser el o que diga que está en contra, por suposto, nin de garderías públicas nin de ensinanzas públicas, pero si di que para votar este punto que se trae hoxe a pleno, gustaríalle ter máis información, máis información que incluso fai constar o informe de Secretaría cando fala sobre que lle corresponde á Xunta pronunciarse nalgunhas cousas, como por exemplo, sobre o réxime de prezos públicos das escolas sostidas con fondos públicos, como sería esta que se vai facer en Cambre, ou a determinación e autorización de creación de novas prazas das escolas infantís e a súa xustificación. Incluso se pode ver no informe da xefa de Servizos Sociais que tamén recoñece que non existe ningún estudo de

mercado e intenta xustificar o asunto cunha serie de argumentos que cre que nada teñen que ver co sistema educativo nin coa convivencia entre escolas públicas nin privadas que marca a lei. A unha Galiña Azul efectivamente van nenos de familias sen recursos, pero tamén van outros nenos de familias con recursos. Tamén está o tema da indemnización que lle correspondería ás escolas en caso de que estas teñan que cesar na súa actividade.

Di que el recolleu información e pode poñer algúns exemplos. Na provincia da Coruña hai escolas infantís públicas de Camariñas, Carnota, Curtis, Finisterre, Mazaricos, Ortigueira, Sobrado e Zas que non chegan ao 50% de ocupación polas mañás, nin ao 25% polas tardes, porque non se fixo ningún estudo de mercado para xustificar a súa apertura.

Conclúe dicindo que é por iso que al lle gustaría ter ese estudo por parte da Xunta, como non o ten, vaise abster neste punto.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro do PGD, integrante do GM. Abstense o concelleiro de PdeC, integrante do GM.

A Corporación, por dezanove votos a prol, acordou:

Desestimar o recurso de reposición presentado pola Asociación Galega de Escolas Infantís contra o acordo adoptado polo pleno da Corporación o 19 de decembro de 2013, respecto da formalización dun convenio de colaboración entre a Fundación Amancio Ortega, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Cambre para a construción dunha escola infantil 0-3 no Concello de Cambre, con base nos seguintes motivos:

- De conformidade co artigo 9.2 da Constitución Española, artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia e artigos 4, 29 e 58 a 64 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, corresponde aos poderes públicos (comunidade autónoma, corporacións locais e demais entidades públicas previstas no Estatuto de autonomía de Galicia ou establecidas na lei 13/2008) garantir o dereito subxectivo, universal e esixible aos servizos sociais con criterios de igualdade e equidade, mediante a dispoñibilidade de servizos sociais públicos.

- De conformidade co artigo 4 c) e 29 da Lei 13/2008, os servizos sociais prestaranse polas administracións públicas galegas directamente ou de maneira indirecta, non excluindo a iniciativa privada, se ben dentro da planificación xeral que corresponde á comunidade autónoma en virtude da Lei 13/2008, e como complemento da rede de recursos de titularidade pública.

- No presente suposto, ao tratarse da prestación do servizo de escola infantil 0-3, o artigo 31 do Estatuto de autonomía de Galicia establece que corresponde á Comunidade autónoma de Galicia a competencia para o desenvolvemento lexislativo e execución da ensinanza en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, de conformidade co disposto no artigo 27 da Constitución e as leis

orgánicas que o desenvolven, sen prexuízo das facultades que atribúe ao Estado o artigo 149.1.30ª da Constitución.

O artigo 27.2 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, atribúe ao Estado e ás comunidades autónomas a obrigaón de definir as necesidades prioritarias en materia educativa, así como fixar os obxectivos.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no artigo 1 p) como principio do sistema educativa a cooperación e colaboración das administracións educativas coas corporacións locais na planificación e implementación da política educativa, e no artigo 8.1 establece a coordinación entre as administracións educativas e as corporacións locais para unha maior eficacia dos recursos.

Á súa vez, regula a educación infantil nos artigos 3.2.a) e 12 a 15, ordenándoa en dous ciclos, sendo o primeiro de 0-3, e no artigo 15.1 establece que: “1. As administracións públicas promoverán un incremento progresivo da oferta de prazas públicas no primeiro ciclo. Así mesmo coordinarán as políticas de cooperación entre elas e con outras entidades para asegurar a oferta educativa neste ciclo. Para tal fin, determinarán as condicións nas que poderán establecerse convenios coas corporacións locais, outras administracións e entidades privadas sen fins de lucro.”

- Non existe vulneración do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, nin do artigo 38 da Constitución, nin se dan condutas colusorias nin trato de favor por parte do concello nin da comunidade autónoma, por canto:

**1. A)** A comunidade autónoma, como administración pública competente en educación segundo o artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia, está dando cumprimento ao previsto no artigo 15 da LO 2/2006, de 3 de maio, de educación, respecto da obrigaón de promover un incremento progresivo da oferta de prazas públicas no primeiro ciclo.

Ao mesmo tempo está dando cumprimento ao convenio formalizado cos concellos que, xunto coa Xunta, forman o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, e entre cuxos fins xerais figura a xestión integral das escolas infantís e a atención educativa e asistencial aos nenos e nenas menores de tres anos.

**B)** O concello está cumprindo cos deberes establecidos nos artigos 1 p), 8.1, 15.1 e na Disposición adicional décimo quinta da LO 2/2006 respecto de cooperar coa administración educativa, é dicir, coa comunidade autónoma, na obtención do soar, e co compromiso de formalizar un convenio para a xestión posterior da escola infantil (tendo en conta que lle corresponde a conservación, mantemento e vixilancia dos edificios destinados a centros públicos de educación infantil), todo iso no exercicio das competencias que lle atribúen os artigos 25.2 n) da LRBRL e artigo 80.2 ñ) da LALG.

Igualmente, está dando cumprimento ás obrigas adquiridas coa integración no Consorcio.



2. Non é o momento procedimental nin corresponde ao concello a competencia respecto do réxime de prezos das escolas infantís dependentes da comunidade autónoma, ou o réxime de axudas para o acceso a prazas de educación infantil.

- O expediente tense tramitado cumprindo coa normativa aplicable para o efecto, por canto, de conformidade co establecido na Disposición adicional segunda da Lei 13/2008, artigos 1, 4, 6 e 7 dos estatutos que rexen o Consorcio, corresponde ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar a determinación das necesidades básicas nos municipios consorciados, a elaboración de plans e proxectos con base nas ditas necesidades e determinar as obras de construción.

Non obstante, faise constar que segundo o Convenio formalizado entre a FAO e o Consorcio o 26 de marzo de 2012, e Addenda de 1 de xuño de 2012, os criterios para determinar o emprazamento das escolas infantís foron a capacidade financeira da entidade xestora e corresponsable do seu mantemento (concellos) e a urxencia da súa construción, en función tanto da poboación infantil existente como a amplitude, de ser o caso, das listaxes de agarda, e que segundo o informe emitido pola coordinadora de servizos sociais o 23 de xaneiro actual que no curso actual 2013-2014, o número de nenos de entre 0 e 3 anos que quedaron na lista de agarda para poder entrar na escola infantil da Barcala foi de 80 nenos/as, e que segundo a pirámide poboacional de Cambre a decembro de 2013, a día de hoxe o municipio de Cambre conta con 811 nenos/as susceptibles de ser potenciais usuarios de solicitar praza nunha escola infantil.

- Respecto dunha posible indemnización aos titulares de centros de educación de Cambre utilizando os mecanismos da Lei de expropiación forzosa, considerando que tanto a comunidade autónoma a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, como o concello, teñen actuado dentro das atribucións que a lei lles confire, non procede admitir a alegación, e tampouco é competencia da Corporación municipal o pronunciamento ao respecto, que co acordo adoptado tense limitado a poñer a disposición da administración competente un soar para a construción da escola infantil, segundo o previsto na Disposición adicional décimo quinta, apartado catro, da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación respecto a que os municipios cooperarán coas administracións educativas correspondentes na obtención dos soares necesarios para a construción de novos centros docentes.

- Non procede a suspensión da execución do acordo por canto o concello actuou cumprindo coas obrigas impostas polos artigos 1 p), 8.1 e Disposición adicional décimo quinta, apartado 4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e polos estatutos do Consorcio no que está integrado, e non se dá ningún dos supostos previstos no artigo 62.1 da Lei 30/1992 para declarar nulo o acordo adoptado.

## **2.2. Proposta de aprobación da designación do pavillón polideportivo municipal de Brexo-Lema, situado en Lema 25, Brexo, Cambre, co nome de “Bernardo Bish Lorenzo”**

Vista a proposta da Alcaldía do día 24 de xaneiro de 2014.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social o día 28 de xaneiro de 2014.

Concedida a palabra a don Fernando Caride Suárez, concelleiro do PP, manifesta que don Bernardo Bish Lorenzo, veciño deste concello, prestou os seus servizos de forma satisfactoria como empregado público aos veciños do Concello de Cambre durante máis de 25 anos. Así mesmo, foi un dos fundadores da Asociación Millo Verde, con sede en Cambre, sociedade cooperativa de ensinanza que nace co propósito de integrar e colaborar cos nenos e mozos en risco de exclusión social. Todo isto sen esquecer o seu protagonismo no desenvolvemento da política deportiva do Concello de Cambre.

Por todo o exposto, o Goberno municipal trae a pleno a proposta de denominación do polideportivo de Brexo-Lema co seu nome.

Concedida a palabra a dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo vai cambiar o voto das comisións, que pasará a ser a prol. Cren que Bernardo foi unha persoa dedicada sempre a favorecer ás persoas máis necesitadas dunha forma totalmente altruísta. Non poden esquecer a súa maneira de traballar, estando sempre disposto a ir onde o necesitaran. Foi un referente do deporte escolar, tamén apoiou sempre a calquera asociación que o necesitara, e non dubidou en prestar a súa propia casa como local social.

Conclúe dicindo que están de acordo en que ten sobrados méritos para esta homenaxe a título póstumo.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que aqueles que tiveron o honor de coñecer a Bernardo saben que non hai palabras para describilo, a el persoalmente e sobre todo ao labor que fixo polo deporte en Cambre. O deporte hoxe en Cambre ten que agradecerlle, el cre que todo, a esta persoa. Sobran as palabras.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo vai manter o voto emitido na comisión, vai votar a prol da proposta. Eles pensan que dende a súa humildade e o seu traballo Bernardo ben merece estar presente na memoria de todos os cambreses e cambresas.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que, en primeiro lugar, dende o seu grupo queren agradecer ao coordinador de Cultura don José Martínez Názara o informe favorable que fai, e agradecerlle sobre todo o resumo que lles presenta do labor social e profesional de Bernardo. Fai un fiel retrato e di unha frase que subscriben as persoas que o coñeceron, Bernardo representaba para os nenos a autoridade e a orde, pero tamén o afecto e o apoio máis incondicional. Subscriben esta frase e recoñecen que era un mestre en facer un tándem ben difícil de compoñer.

Pero di que ela, que coñeceu a Bernardo no ano 1989, quere facer referencia a unha parte que lle chamou moito a atención del, está falando do ano 89 e a ela, como muller feminista e como nai de dúas fillas, chamoulle moito a atención, porque era un

defensor acérrimo da integración da muller no deporte. Dise no informe que non poden esquecer o seu empeño no fomento do deporte feminino, destacado adestrador de fútbol sala feminino nos anos 90, así como a súa defensa do deporte mixto nas primeiras etapas de formación deportiva.

Conclúe dicindo que por todo iso, pola súa traxectoria, consideran que se merece e ten máis que merecido que o polideportivo municipal de Brexo-Lema leve o seu nome.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que el comparte todo o que teñen comentado os voceiros que lle precederon na palabra, e mantén o voto da comisión, que é favorable.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD).

A Corporación, por unanimidades dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Designar o pavillón polideportivo de Brexo Lema, situado en Lema 25, Brexo, Cambre, co nome de “Bernardo Bish Lorenzo”, en recoñecemento dos especiais merecementos que quedaron acreditados no expediente de concesión de honores e distincións incoados por proposta da Alcaldía, polos seus méritos sociais e profesionais.

Antes de pasar ao seguinte punto da orde do día, o Sr. alcalde concédelle a palabra ao voceiro do PP, don Felipe Andreu Barallobre, quen manifesta que el tivo a fortuna persoal de coñecer a Bernardo con 8 anos, acabado de chegar ao concello, foi adestrador seu cando xogaba no Cambre, e síntese realmente orgulloso de ter coñecido a unha persoa tan implicada cos veciños e cos nenos. Entón, ademais deste honor, el agradeceríalles persoalmente tamén, porque lle tiña moito cariño, que todos lle dedicaran un aplauso.

Tralos aplausos da Corporación e do público asistente, o Sr. alcalde dá paso ao seguinte punto da orde do día.

### **2.3. Proposta de revisión das tarifas de auto-taxis de Cambre para o ano 2014**

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Deportes, Xuventude e Voluntariado do día 23 de xaneiro de 2014.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Seguridade Cidadá, Mobilidade, Cultura e Turismo o día 28 de xaneiro de 2014.

Concedida a palabra a don Fernando Caride Suárez, concelleiro do PP, explica que como anos pasados elevan a pleno a proposta que lle realizan ao Goberno municipal por parte da Asociación de Auto-taxis de Cambre, coas peticións que fan respecto das tarifas.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo vai manter o voto de abstención das comisións, pero si queren puntualizar un par de cousas.

Entenden que na proposta que fai o concelleiro hai un erro na táboa, imaxina que simplemente tipográfico, falta o suplemento do aeroporto, non está posto.

Tamén queren dicir que entenden as xustificacións. O incremento está fixado en torno ao 2%, e a Asociación de taxis de Cambre o xustifica como custos de explotación, gastos e baixada de ingresos. Teñen o famoso informe da Asociación provincial de amas de casa onde lles lembran que entenden axustado á realidade e á situación económica o mantemento das tarifas vixentes e a eliminación da tarifa de baixada de bandeira e saída mínima por consideralas contrarias á lexislación vixente e lesivas dos dereitos dos consumidores. Pero tamén teñen favorable o informe doutras asociacións. O que si é tamén moi interesante é o que lles recorda a Comisión metrolóxica do Ministerio de Industria, que no seu informe fai un recordatorio que é importante para as asociacións, e sobre todo neste caso a de Cambre, que así o teñen que facer, unha serie de especificacións que entenden que se deben adaptar, unhas notas importantes que levan incluído o imposto de valor IVE e unha serie de cuestións a maiores.

Conclúe dicindo que polo resto entenden que non teñen eles moito máis que xustificar, e por iso o seu voto vai ser a abstención.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo vai manter o voto das comisións e vaise abster.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que eles son conscientes das dificultades que están atravesando moitos sectores por motivo da crise neste país, entre eles, evidentemente, o sector do taxis e concretamente os taxistas de Cambre. Pero tampouco poden esquecer a situación difícil que están atravesando moitas familias. Todos son conscientes de que os convenios colectivos levan moito tempo sen revisarse e sen subir para nada. As persoas ven como está conxelado o seu salario, tamén ven como as pensións para este ano 2014 soben o 0,25%.

El non sabe ata que punto a idea que propoñen os taxistas de Cambre non vai repercutir dunha maneira incluso negativa, porque ao subir as tarifas posiblemente en vez de paliar esa deficiencia que teñen, poden constituír máis a que moita xente non use o taxi.

En lugares de referencia, como se contempla nos informes, concretamente no Concello da Coruña e no Concello de Oleiros, que estaban negociando tamén a subida das tarifas dos taxis, chegaron a un acordo entre a Corporación e as asociacións, de non subilas, basicamente pola difícil situación que veñen atravesando os veciños nestes momentos de crise económica.

En Culleredo propoñían unha subida que cre que ía dende o 1% ao 2,5% e acordaron non incrementalo. No Concello da Coruña pasou exactamente o mesmo.

El cre que esa proposta que presentan os taxistas para paliar o que levan perdendo, que segundo os datos deles levan perdendo diñeiro polos gastos que leva consigo o mantemento do coche, os combustibles, as rodas, etc., que se volva en contra deles. Pode ser, el xa sentiu algunha reacción no sentido de que se soben as tarifas o que haberá que facer é utilizar máis o transporte público e a amolarse e non coller os taxis. Di que el ten medo de que ocorra iso.

De todas maneiras tamén entende a este sector, que está atravesando un momento difícil e un momento de crise como están atravesando todos. En consecuencia, di que o seu grupo vaise abster nesta proposta.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que dende o seu grupo van manter o voto da comisión e vanse abster.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que mantén o seu voto da comisión a prol.

Concedida a palabra a don Fernando Caride Suárez, en contestación ao partido socialista explica que na proposta que lles fai a Asociación de auto-taxis si ía incluído o suplemento do aeroporto, pero retirouse no último momento porque están pendentes de que haxa unha valoración por parte da Xunta para todos os concellos da área metropolitana, incluída A Coruña, para que sexa o mesmo importe.

Como esa parte está pendente de aprobación por parte da Xunta, para non atrasar máis a aprobación das tarifas xerais, o que decidiron foi retirar o suplemento do aeroporto, xa que se prevé que vaia ser aprobado entre as diversas asociacións.

Por outra parte, en resposta á apreciación do voceiro de EU, quere dicirlle que pode compartila na gran maioría, pero tamén entenden, respecto da segunda parte que expuxo, que os que mellor coñecen o sector son os taxistas. Neste tema dende o Goberno sempre se teñen limitado a dar a súa opinión, pero ao final os afectados ou os beneficiarios da flutuación destas tarifas van ser os propios taxistas, polo tanto, traen a proposta como os taxistas a teñen proposto, porque entenden que son os que mellor coñecen o sector.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que en relación con estas puntualizacións, evidentemente o sector taxi tería algunhas negociacións e presentou en Cambre uns incrementos de tarifa, pero iso mesmo o fixeron en concellos que eles mesmos din que son referentes, como son A Coruña e Culleredo, onde presentaron unhas subidas, houbo unhas negociacións entre os responsables da Corporación e os propios responsables da agrupación de taxistas, e chegaron a un acordo. Ao mellor eles tamén teñen que dicir que van conxelar as tarifas e van aguantar a clientela. Dálle a sensación, aínda que non o sabe porque non estivo nesas conversacións, pero dálle a sensación de que houbo diálogo, e ao mellor as partes chegaron a un acordo, un acordo que neste caso é satisfactorio para os usuarios, non tanto para os taxistas, pero que igual ao longo si é importante para os taxistas, iso está por ver. El di que noutros concellos tamén houbo negociacións, porque unha cousa é negociar e outra cousa é dicir que si a todo, é unha cousa ben distinta.

Concedida a palabra a don Fernando Caride Suárez manifesta que dende o Goberno se lles expuxo a posibilidade de que conxelaran as tarifas, pero remítese ao que xa dixo antes, ao final os mellores coñecedores e os que van saber en que medida lles vai poder afectar esa subida, para ben ou para mal, son eles.

El pode dicirlle que polo menos pola súa parte propúxolles a posibilidade de conxelalas, sobre todo porque xa era coñecedor de que algúns concellos tiñan esa idea, pero a asociación decidiu propoñelo así, e así é como o traen a pleno.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD), e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por nove votos a prol, acordou:

Primeiro: Informar favorablemente e aprobar a revisión das tarifas de auto-taxis de Cambre para o ano 2014, que supón unha subida media do 2,00% sobre as tarifas actuais, obtendo os seguintes resultados, IVE incluído.

TARIFA 1			TARIFA 2		
Importe inicial	3,44	€	Importe inicial	4,21	€
Tarifa quilométrica	1,09	€/km	Tarifa quilométrica	1,35	€/km
Tarifa horaria	18,14	€/hora	Tarifa horaria	22,59	€/hora
Distancia primeiro salto	1.800	metros	Distancia primeiro salto	1.800	metros
Horario aplicación	Días laborables de 06:00 a 22:00 horas e sábado de 06:00 a 16:00 horas.		Horario aplicación	Días laborables de 22:00 a 06:00 horas, sábado dende as 16:00 horas e domingos, festivos e días 24 e 31 de decembro durante as 24 horas.	

Segundo: Publicar o correspondente anuncio no taboleiro de anuncios do concello, co fin de que durante o prazo de dez días a contar dende o seguinte ao da publicación, poidan presentar cantas alegacións estimen oportunas. O expediente está a disposición dos interesados, na planta primeira do concello, servizo de auto-taxis.

Terceiro: No suposto de que non se presenten alegacións, entenderase elevado a definitivo o acordo de revisión das tarifas e remitirase o expediente á Comisión de Prezos de Galicia, solicitando o correspondente informe favorable para a súa posterior aprobación pola Dirección Xeral de Comercio da Consellería de Economía e Industria.

#### **2.4. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día**

Este punto non foi utilizado.

### **3. PARTE DECLARATIVA**

#### **3.1. Declaracións institucionais**

Este punto non foi utilizado.

#### **3.2. Mocións dos grupos municipais**

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezanove votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

#### **A) Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE con motivo do anteproxecto de lei orgánica polo que o Goberno de España pretende revisar a lexislación vixente sobre saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo**

Rexistrada de entrada ao núm. 00/563 o día 25 de xaneiro de 2014. Consta do seguinte teor literal:

“A Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, recolle a garantía dos dereitos fundamentais no ámbito da saúde sexual e reprodutiva, regula as condicións da interrupción voluntaria do embarazo e establece as correspondentes obrigacións dos poderes públicos.

No seu texto, declárase o dereito de todas as persoas a adoptar libremente decisións que afectan á súa vida sexual e reprodutiva, sen máis límites que os derivados do respecto aos dereitos das demais persoas e á orde pública garantido pola Constitución e as leis, e recoñécese o dereito á maternidade libremente decidido o que implica non só recoñecer ás mulleres a capacidade de decisión sobre o seu embarazo, senón tamén que esa decisión, consciente e responsable, sexa respectada.

A lei, que veu substituír a unha regulación que vinte e cinco anos atrás supuxera un avance na protección das mulleres, foi elaborada, debatida e aprobada desde o consenso coa gran maioría dos grupos políticos con representación parlamentaria, tras o traballo en sede parlamentaria dunha subcomisión na Comisión de Igualdade na que se contou coa participación dunha trintena de expertos e considerando as recomendacións de expertos xuristas e profesionais da bioética e a sanidade. Ademais, reforzouse a seguridade xurídica na regulación da interrupción voluntaria do

embarazo e incorporou a xurisprudencia do Tribunal Constitucional e do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, así como distintos pronunciamentos, en forma de conclusións e recomendacións, do Consello de Estado e organismos internacionais de Nacións Unidas, da Organización Mundial da Saúde, do Consello de Europa e da Unión Europea.

O Goberno anunciou unha revisión desta lexislación que representaría un extraordinario retroceso normativo, social e ideolóxico e volvería situar ás mulleres españolas na clandestinidade, suprimindo o seu dereito a decidir responsable, consciente e libremente sobre a súa sexualidade e maternidade, e afectando á súa seguridade xurídica e á dos profesionais do noso sistema de saúde, así como á garantía no acceso ás correspondentes prestacións sanitarias.

Neste sentido, o 20 de decembro de 2013 presentouse no Consello de Ministros un anteproxecto de lei orgánica cuxo contido confirmou, e tristemente superou, as peores conxecturas acerca dos seus desastrosos efectos sobre a liberdade e os dereitos das mulleres.

Co anteproxecto aprobado polo Goberno suprímese o dereito das mulleres a interromper o seu embarazo nas primeiras catorce semanas, considerándose como delito despenalizado só nos supostos de violación e “grave perigo para a vida ou a saúde” da muller, privando a esta do seu dereito a decidir sobre a súa maternidade. Suprímese tamén, por tanto, o suposto de malformacións ou anomalías fetais incompatibles coa vida, que tiña xustificado a interrupción do embarazo desde os anos oitenta do século pasado.

Esta norma non só suporá un grave retroceso de máis de trinta anos para a lexislación española neste ámbito, e o incumprimento de compromisos internacionais en materia de dereitos sexuais e reprodutivos e de liberdade das mulleres a decidir sobre a súa maternidade, senón que situaría a España como unha excepción en toda Europa, onde nos últimos anos ningún país lexislara cara atrás nesta materia, mentres que as mulleres españolas sufrirán ese retroceso despois de contar cunha das lexislacións máis avanzadas, máis seguras, con maiores efectos na prevención de embarazos non desexados e que conseguira reducir o número de abortos no último ano.

Esta normativa provocou un enorme rexeitamento social da cidadanía española e europea, das organizacións sociais, profesionais e feministas, e ademais motivou a aparición de declaracións de membros do seu propio partido, incluídas as dalgunhas mulleres que ocupan cargos públicos, discrepando do seu contido, e a crítica de dirixentes e medios de comunicación no estranxeiro, onde só cultivou a felicitación de formacións políticas de extrema dereita doutros países.

Por todo o anterior o grupo municipal dos socialistas de Cambre presenta ao Pleno a seguinte proposta de acordo:

**Único:** Instar ao Goberno de España a retirar inmediatamente e non continuar a tramitación do anteproxecto de Lei orgánica polo que pretende revisar a lexislación vixente en España sobre saúde sexual e reprodutiva, e interrupción voluntaria do embarazo.



Aprobada esta moción darase traslado do acordo aos grupos políticos con representación no Congreso dos Deputados”.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, concelleira do PP, manifesta que o seu grupo nesta moción vaise abster.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo vai votar a prol, aínda que el persoalmente é dos que pensa que isto parece unha broma, unha cortiña de fume máis que outra cousa, porque volver aos anos 80, volver atrás parécelle impensable. Parécelle unha cortiña de fume para falar disto e non falar doutras cousas tamén que son moi importantes e que lles están día a día afogando.

Por suposto, felicitar ao Partido Socialista por esta moción. O seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo considera que é moi importante este tipo de mocións. Cre que hai que sensibilizar ás persoas co que lles pode vir enriba, á marxe de que, efectivamente, ás veces queren distraelos doutras cousas, pero parécelle que son o bastante intelixentes como para saber o que hai.

O seu grupo, como non pode ser doutro xeito, xa que ten tamén presentada unha moción máis ou menos en parecidos termos, vai votar a prol.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que é moi coñecida a postura do seu grupo en contra dese anteproxecto de lei aprobado en decembro de 2013. Ese anteproxecto o que pretende é aplicar o programa ideolóxico do PP e dos grupos ultrarelixiosos.

Quere dicir que coa actual lei do aborto non aumentaron os abortos no Estado e, dende logo, a actual lei do aborto non obriga a ninguén a abortar.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que se vai abster na votación.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PsdeG-PSOE, manifesta que lle gustaría facer unha aclaración. Di que entende que o grupo popular nesta moción está optando pola postura crítica ante o proxecto de lei, xa que se abstén, non defendendo o proxecto de lei do seu partido.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que cre que non é unha novidade, porque o levan facendo practicamente toda a lexislatura, abstéñense por sistema en todas as mocións que traten sobre asuntos que non son competencia do Pleno. Cre que é unha postura lexítima e non a van variar.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais expón que ela cre que soamente revisando as actas, o que acaba de dicir non é certo. Teñen traído mocións relativas a cuestións xerais sobre as que teñen votado a prol ou en contra. Pídelle que diga que

non queren pronunciarse sobre un tema que lles pode prexudicar e punto. Que non quere tomar postura dentro das diferentes posturas que hai no Partido Popular, seguramente non se queren manifestar.

Don Felipe Andreu Barallobre pídelle que ela vote o que queira, que interprete o seu voto e se quere que o xustifique, e eles votarán o que queiran e o xustificarán como lles pareza que teñen que facelo. O que si que lle pide que non faga é interpretar o voto do grupo popular. Eles votan así porque por sistema estanse abstendo en todos eses asuntos que non son competencia do Pleno e que eles non van solucionar. Se lle parece ben, ben, pero pídelle que non interprete o que eles queren votar, que iso xa o explica el.

Dona Margarita Iglesias Pais agradece ao resto dos grupos o apoio á moción.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG, e abstéñense os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD).

A Corporación, por once votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezanove votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

### **B) Moción do grupo municipal de EU solicitando a retirada do anteproxecto de lei de protección dos dereitos do concibido e da muller embarazada do Partido Popular**

Rexistrada de entrada ao núm. 00/567 o día 25 de xaneiro de 2014, xunto coa moción, rogos e preguntas presentados para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“O dereito a decidir das mulleres sobre a súa maternidade, non se pode enmarcar nun debate alleo á libre decisión das mulleres. É un dereito fundamental e, como tal, non pode ser obxecto de intercambio cos estamentos relixiosos e sociais máis reaccionarios.

O dereito á interrupción voluntaria do embarazo, a libre decisión das mulleres, sen interferencias, sen condicionantes, sen tutelas, nin penalizacións, é un dereito fundamental.

En 1985, no noso país, co Goberno do PSOE, produciuse unha despenalización parcial e tiveron que pasar 25 anos, ata 2010, para unha reforma da lei de interrupción voluntaria do embarazo algo máis avanzada, pero aínda con moitas limitacións.

Agora o PP expón un anteproxecto restritivo e retrógrado que vulnera dereitos e liberdades das mulleres en relación á súa capacidade de decisión sobre a súa maternidade.

Fronte a iso é necesario unha lei:

Que contemple a prevención contra os embarazos non desexados cunha educación sexual que percorra todos os estadios educativos, con perspectiva de xénero.

Que permita ás mulleres interromper o seu embarazo no momento e polas razóns que desexe, sen restricións, sen prazos e sen tutelas na sanidade pública.

Que regule a obxección e conciencia para que esta non sexa unha coartada da clase sanitaria máis reaccionaria.

Que elimine o aborto voluntario do código penal tanto para as mulleres como para as e os profesionais sanitarios que o practican.

Que inclúa a cobertura da totalidade dos métodos anticonceptivos pola sanidade pública.

Unha lei na que non sexa necesario o consentimento materno/paterno para as mozas de 16-18 anos.

Que incorpore a formación en saúde sexual e reprodutiva, tanto no ámbito sanitario como no educativo.

Que garanta a preparación do conxunto de profesionais para a práctica da interrupción voluntaria do embarazo e que esta se inclúa nas carreiras de medicina, enfermería e outras profesións sociosanitarias.

Que non cuestione a capacidade das mulleres para tomar decisións sobre a súa vida, senón que potencie a súa autonomía.

Que inclúa un protocolo común para a práctica da IVE no Sistema Nacional de Saúde.

Que garanta o equilibrio territorial.

Polo exposto o pleno municipal do Concello de Cambre propón a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: O rexeitamento do anteproxecto de Lei de protección dos dereitos do concibido e da muller embarazada aprobado polo Consello de Ministros/as porque restrinxen dereitos fundamentais das mulleres, solicitando a súa retirada inmediata.

Segundo: O posicionamento a favor de que calquera reforma que se faga sobre Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, estea encamiñada a ampliar os dereitos que son fundamentais e específicos das mulleres, de forma que as mulleres poidan decidir sobre se queren ou non ser nais.”

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que lle gustaría contestar un comentario que se fixo antes por parte do grupo socialista, que falou de algo así como das distintas sensibilidades do PP en canto ao aborto. Di que ela quixera matizar que dende o BNG pensan que non hai distintas sensibilidades en canto ao aborto no PP. Os do PP todos pensan máis ou menos igual, é máis, pensan que o aborto e o PP, o mesmo que o galego e o BNG, é requisito imprescindible.

Conclúe dicindo que van votar a prol da moción.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que non lle parece oportuna esa intervención. Ela está no uso da palabra, para iso a pediu, pero cre que non viña ao caso, e pídelle que lle perdoe que llo diga con esa claridade.

Dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto manifesta que ela cre que é ese comentario o que non vén ao caso, sinceramente. Ela ben sabe que ao Sr. alcalde as cousas do BNG non lle gustan, iso ben o sabe, entón, o que a el lle pareza, sinceramente e con todos os seus respectos, non procede.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que é a segunda vez que a Sra. concelleira lle falta ao respecto.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que entende que ao non intervir o PP, e por coherencia, vanse abster na votación, porque tampouco é competencia do Pleno.

Respecto do tema da abstención queren deixar claro que, tal e como pedía o Sr. concelleiro que non lles digan o que teñen que votar, que están no seu dereito de votar o que queiran, evidentemente, en determinados temas si que existe a posibilidade de absterse, en caso de que a opinión non estea de todo definida, pero no tema que lles ocupa, que o Partido Popular se absteña é tan covarde e tan mesquiño como é o propio anteproxecto de lei orgánica para a reforma da lei do aborto.

Di que covarde e mesquiño porque non poden absterse dunha proposta na que o seu partido non busca consenso con ninguén, nin tan sequera coas propias mulleres, porque están legislando dende o Partido Popular sobre o corpo das mulleres, sen escoitar a súa opinión, porque queren que sexa a lei a que tome a decisión de que unha muller teña que ter un fillo, queira ou non queira, poida ou non poida. E eles abstéñense, pregunta a que se absteñen, pregunta se non están a prol deste anteproxecto, porque se non están a prol pídelles que dimitan, ou que abandonen o partido. Dilles que non sexan tan inmorais de absterse cando pertencen ao partido que lles está poñendo a pistola na fronte ás mulleres para obrígalas a tomar unha decisión en contra da súa propia opinión, en contra da súa propia vida.

Pregunta se cren que poden utilizar as regras da democracia como lles dá a gana. Dille ao Sr. Andreu que están moi fartos das súas parvadas, das súas mentiras, están moi fartos de que se rían deles, de que se sigan rindo deles, dos dereitos das mulleres. Estanse rindo do dereito da muller a decidir sobre o seu corpo, sobre a súa vida, e chegan agora a dicir que se absteñen. Dilles que son unha panda de mentireiros, todos, e mira a un por un, son todos unha panda de mentireiros. Di que non fan máis que afundilos na máis absolutas das miserias. A día de hoxe a xente é pobre como ratas, acabaron coa súa pouca calidade de vida, ademais agora acaban coa sanidade, coa educación.

Dille a unha das concelleiras do PP que é muller e, polo tanto, debería avergonzarse, porque están acabando cos dereitos das mulleres e ademais agora absteñense.

Dilles que deberían poñerse colorados e non se poñen. Están totalmente a favor, todos e cada un dos membros do grupo municipal do PP, incluídas as mulleres, a favor dese anteproxecto, porque se non o estiveran romperían o carné do partido, que é o que deberían facer.

Pregunta se pensan que as mulleres van deixar de abortar, pois non señor. Tamén pensan, e iso é o máis irrisorio de todo, que ir abortar é como ir a tomar un café. Cando unha muller decide non ter un fillo é porque non pode, ou non quere telo polos motivos que só ela ten que barallar, non o Estado, non os xuíces, non os políticos. O fillo é a cousa máis grande que teñen as mulleres, e di que ela é nai, e as que están aí sentadas tamén, e o saben, e a un fillo hai que crialo, e a un fillo hai que querelo, e a un fillo hai que educalo e sacalo adiante nas mellores condicións. E non telo é unha decisión que ningún deles sabe o que lle pode chegar a custar a unha nai.

Di que as mulleres van seguir abortando, na clandestinidade as que non teñan cartos, claro, as que teñan diñeiro irán ao estranxeiro, en avión, a abortar en clínicas privadas.

O que van a conseguir con este anteproxecto, con esta lei, é que morran mulleres, que enfermen mulleres, que se traumatizen por tomar unha decisión en contra dunha lei medieval, que só comulga coas doutrinas da Igrexa. Di que é pecado que unha muller teña un fillo que non pode manter ou que non quere ter nese momento polo motivo que sexa. É moito mellor obrigar a unha muller a ter un fillo en contra da súa vontade, cando por outra parte esa muller resulta que non traballa grazas ao Partido Popular, non ten axudas grazas ao PP, cada vez ten menos acceso á sanidade pública e á educación grazas ao PP, e que non teña a desgraza de que o seu fillo teña algún tipo de discapacidade ou minusvalía, que cos recortes en dependencia vai aviada esa muller.

Conclúe pedíndolles que non se absteñan. Pídelles por favor que non se absteñan, que teñan a pouca vergonza de votar en contra desta moción, di que llelo pide como muller, non como concelleira. Dille ao Sr. Andreu que lles pide que teñan un pouco de dignidade, xa que a das mulleres están a mutilala.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que simplemente por alusións, porque el cre que debeu de nomealo unhas vinte veces,

máis ou menos. El non sabe se isto é unha cuestión persoal ou non o é, en todo caso, el coa Sra. concelleira non ten ningún problema. A el no seu partido nunca lle puxeron, nin lle dixeron que lle ían poñer unha pistola, pero co ton da Sra. concelleira igual ten que pensar o contrario dela, porque lle parece que sacou as cousas bastante de nai.

El cre que este é un debate o suficientemente sereno, ou debería selo, como para entender as cousas, xa despois que ela faga as interpretacións ou que lle aconselle a el ou a todos eles o que lles queira aconsellar. Eles mantéñense en que se van a abster, porque este non é un asunto do Pleno e eles están para facer política municipal. A opinión que teñan persoal e a opinión que teñan sobre o seu propio partido, teñen uns órganos democráticos no partido onde expresarán e e xa teñen expresado moitos deles o que pensan, pero pídelle que non veñan eles a dicirlles o que teñen que facer, nin o que ten que opinar, el xa o sabe. El vén aquí a facer política municipal, e isto non é unha cuestión de política municipal, entende que isto é unha cuestión que afecta a todos os veciños, pero el fai as cousas onde as ten que facer, e el ten que facer as cousas dentro do seu partido. Cada un deles terá a súa opinión, pero aquí, facendo política municipal abstéñense, porque aquí non van arranxar nada, outra cousa é que ela lles queira vender motos ou queira mañá sacar un titular, pero eles aquí non veñen a iso, veñen a solucionarlle os problemas aos veciños, e é un debate totalmente fútil, no que sinceramente agora mesmo están perdendo o tempo, porque non van arranxar nada.

Conclúe dicindo que se o quere entender, ben, se non o quere entender, esa é a súa opinión.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, dille ao Sr. Andreu que el é un representante público, e os cidadáns cando votan teñen dereito a coñecer o que pensa el, como representante público, e todos os que se sentan nesa bancada. Por ese motivo, e porque isto é unha cuestión que afecta aos dereitos fundamentais, nada máis e nada menos que ao 50% da poboación de España e ao 51% da poboación de Cambre, cre que os veciños teñen dereito a coñecer que opinan todos e cada un deles, sobre todo as mulleres, sobre un proxecto de lei que o que está facendo é recortar os dereitos do 51% da poboación deste país.

Di que por iso cre que deberían explicitar a súa posición persoal, e ser valentes nisto, sobre esta vergonza de lei coa que lles queren facer tragar.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre contesta que a súa posición persoal é que isto non é un asunto do Pleno e, polo tanto, vanse abster.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López dille ao Sr. Andreu, en primeiro lugar, que realmente e aínda que el pense o contrario, ela non ten absolutamente nada en contra del como persoa, si moitísimo en contra del como concelleiro e como voceiro do grupo de goberno, e así de claro o di.

Expón que o menciona a el directamente porque é algo que vén ocorrendo habitualmente cando é un tema espiñoso, como ocorreu co tema Brincadeira que en lugar de falar o concelleiro competente saíu el á arena neste tema, que tamén coidaban....

Neste punto interrompe a súa intervención para dicirlle a unha das concelleiras do PP que se non falou antes non sabe por que fala agora, porque para rosmar por debaixo é mellor pedir a palabra e falar, pero se está rosmando todo o rato a ela resúltalle complicado seguir coa súa exposición. Pídelle por favor que teña o respecto que ela mesma lle ten a ela.

Continúa dicindo que cando non é o concelleiro responsable, ou concelleira neste caso, que está cobrando 30000 euros por levar a cabo unha función que sería competencia desa concelleira, concretamente contestar a estas mocións, tanto á do Partido Socialista como á de EU, e sae o Sr. Andreu falando porque é un tema no que de súpeto ten que ser el o que tome as rendas, por iso se refire a el, non porque teña unha especial preferencia por el, nin moitísimo menos. Iso o punto número 1.

O punto número 2 é que acaba de dicir o Sr. concelleiro unha frase coa que ela vai rematar, a de que isto é un debate fútil. Ela dille que o feito de que el considere que a moción do aborto e que a reforma da lei do aborto é un debate fútil, é algo que vai quedar na retina dos veciños presentes e non presentes, algo que o está definindo a el como político e peor, como persoa.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que el quere felicitar a EU pola moción presentada, igual que fixo co Partido Socialista, e felicitar á concelleira dona Olga Ramos pola súa exposición. Dálle a en hora boa e dille que está completamente con ela en toda a exposición.

A continuación pregunta se precisamente por esa exposición non parece mentira todo isto que están falando aquí. Parece mentira que falen de debate, de que isto é un debate que ten que ser tranquilo, cando o debate non o buscan é imposible debater. E que termine dicindo que é unha perda de tempo, cando vén a un pleno a dicir que é unha perda de tempo o que se está a falar, el pregunta que se pode esperar de todo isto.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que sinceramente o mantén porque hoxe van aprobar esta moción e pregunta se mañá se vai paralizar ou retirar o anteproxecto. Pregunta de que están falando.

Di que poden debater aquí, poden debater cando saian, pero eles veñen aquí a facer política municipa, e hai unha lei que di cales son as competencias dos municipios. Eles non teñen absolutamente nada que ocultar, di que el publicamente, xa dixo o que opina sobre este tema, e pide que o busquen se queren, é moi sinxelo, está dito publicamente.

Conclúe dicindo que é a súa opinión aquí como concelleiros, porque aquí están como concelleiros, non como persoas individuais. Eles teñen unha opinión como concelleiros e a súa responsabilidade é cingirse á súa competencia, e isto non é da súa competencia, pareceralles mellor ou peor, pero aquí parece que eles están enchidos de razón cando resulta que non hai demasiado tempo ao Partido Popular lle votaron máis de 11 millóns de persoas.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do PGD e integrante do GM, manifesta que a el tamén o miraron de fronte, como se formase parte do Partido Popular. Di que el non forma parte do PP, forma parte do PGD que é co que se presentou ás eleccións. No seu programa ían soamente compromisos de traballo polos veciños de Cambre e con cousas concretas de Cambre, no seu, no dos outros e no dos outros. Por desgraza, nestes últimos plenos que están tendo en Cambre están dedicándolle moitísimo máis tempo a arranxar as cousas do Goberno de Madrid e do Goberno da Xunta que a arranxar as dos veciños de Cambre, que son aos que lles presentaron un programa cos seus problemas reais, e niso é no que menos tempo invisten no pleno, polo que está vendo.

El, por tradición, dende que se presenta co Partido Galeguista sempre se abstivo nas mocións políticas que se presentan, sexan do Partido Popular, sexan do Partido Socialista, sexan de EU ou sexan de quen sexan. El está aquí para traballar, e para iso se presentou polos veciños e veciñas de Cambre, a iso é ao que lle dedica o tempo, e o resto, pasa de todo, ten a súa opinión como é lóxico, pero é súa, el non está aquí para perder o tempo, horas e horas todos os plenos, falando de temas políticos a niveis que a el non lle interesan. Interésanlle como persoa e como cidadán, pero para traballar aquí, no pleno en Cambre, interésalle aquilo ao que se comprometeu, que foi cos veciños.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López di que pide a palabra simplemente por unha cuestión de orde. Di que hai pouco tempo, en xuño de 2013, está publicado no *Boletín Oficial da Provincia*, veñen de modificar o Regulamento orgánico municipal. Nesa modificación, no artigo 125 modifícase o apartado 2 e o apartado 4 parágrafo 5º, segundo o cal enténdese por moción non resolutiva, que é este caso, porque o Pleno non ten competencia para resolver, a proposta presentada por un ou varios grupos políticos, ou por un concelleiro, no seu caso, para que o Pleno formule unha declaración ou manifeste a súa posición política en relación cun tema de interese municipal ou xeral.

Pregunta de que están falando, di o artigo que para que manifesten a súa posición política. EU está a prol, eles abstéñense. Iso non é unha posición política, iso é calar a boca e dicir “eu, PP, isto arránxoo dentro do partido, porque fóra non podo facer nada”. Dilles que lean o regulamento e se non, cando chegue o punto “Parte declarativa 3.1” marchan, toman un café, e cando acabe a parte declarativa, volven.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que o que falta aquí, e sobre todo lle falta á Sra. concelleira, e agora si que vai falar de forma persoal, o que lle falta a ela é moito respecto, moito respecto e seguro que tamén moita educación, porque el cre que é tan sinxelo como respectar a opinión dos demais, simplemente. Dille que el non lle está dicindo que el persoalmente opine dunha forma ou doutra, simplemente estalle dicindo que eles están expresando unha postura, que a ela gustaralle máis ou menos, pero que non lle diga que esa postura non é válida, porque entón o que está dicindo é que non respecta a súa opinión, e iso a define a ela como persoa, non como concelleira.

El cre que a ten tratado con educación, con respecto, entende a súa postura, entende que ela presentara unha moción da que el e o resto dos seus compañeiros de partido



votaron a urxencia, porque lles parece oportuna e agora si dentro do Regulamento orgánico municipal, ela ten manifestado a súa opinión, e el non a tachou para nada, nin a menosprezou nin cre que teña sido maleducado. El simplemente o único que lle pode pedir é respecto á súa opinión, e a súa opinión é esa, a ela gustaralle máis ou menos, pero é esa.

A súa opinión é que non se van pronunciar sobre ningún asunto que non sexa competencia do Pleno, esa é a súa opinión. Se ela lles trae unha moción sobre un asunto que sexa competencia do Pleno, dille que non se preocupe, que calquera deles opinará, que non lle caiba a menor dúbida.

E di que agora terán os rogos e preguntas onde todos, ou case todos, casualmente son competencia do Pleno e que non se preocupe, que lles van a contestar a todos, porque son cuestións que son competencia deles, onde eles si que poden facer algo, é así de sinxelo.

Conclúe dicindo que o único que lle pide é respecto, o mesmo respecto con que el a tratou a ela, porque el para nada lle faltou ao respecto.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que non tiña pensado intervir nesta moción, xa o fixo perfectamente a súa compañeira, pero aquí falouse por parte do voceiro do PP de falta de respecto e de educación por parte da súa compañeira. El dille ao Sr. Andreu que precisamente el, hai escasamente uns días, foi protagonista dun episodio do máis desagradable en Cambre, burlouse dun veciño de Cambre, burlouse de todos os veciños de Cambre. Pregúntalle se respectou ou non respectou a todos os veciños de Cambre. El si que non tivo respecto e non tivo educación, fixo uns comentarios desagradables, malsoantes e ruíns. Di que iso fixo o Sr. Andreu, que se dedica a mandarlle correos electrónicos aos funcionarios e funcionarias deste concello, iso é o que fai o concelleiro de Réxime Interior de Cambre.

Di que un concelleiro que non respecta, non pode esperar ser respectado, e dille que el non respectou e que tiña que pedir perdón publicamente a ese señor e a todos os veciños de Cambre. Pídelle que non se ría, porque é unha cousa moi seria. Pregúntalle se non o considera serio e se non ten respecto polos veciños de Cambre, porque non o demostrou.

Pídelle que ese tipo de comentarios os faga aos seus amigos particulares e en privado, e que non veña aquí a falar e dar leccións de democracia, de respecto e de educación.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle ao voceiro de EU que el cre que non viña ao caso o asunto, e iso fai que interveña, aínda que non quería facelo. El cre que xa o dixo publicamente, iso foi unha broma o Día dos Santos Inocentes, cun veciño que ademais mantén unha relación fluída con este concello, con este alcalde e co voceiro. O que lle deu bombo nos medios de comunicación foi o Sr. Taibo, agora, aquí publicamente.

El cre que aquí veñen a discutir unha moción. EU pode ter unha opinión e eles poden ter outra, o que non poden é censuralos pola opinión que eles manifesten como políticos, non como persoas. Pídelles que non os tachen de covardes e, por favor, que non os insulten, que eles non o fan. Di que el xamais os insultou, a ningún deles.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás di que, por puntualizar, o Sr. alcalde acaba de dicirlle que iso foi unha broma o Día dos Santos Inocentes. El xa dixo antes que ese tipo de bromas que se fagan en privado e no círculo das amizades, pero pide que non se utilicen os medios do concello nin entorpezan o labor dos funcionarios, nada máis que iso, así de sinxelo e así de simple. Di que el de verdade que non pensaba comentar nada, sinceramente, o que pasa é que tras a actuación e intervención do Sr. Andreu non lle quedou máis remedio.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG, e abstéñense os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD).

A Corporación, por once votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezanove votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

### **C) Moción do grupo municipal de EU sobre a reclamación das “cláusulas de chan” das hipotecas**

Rexistrada de entrada ao núm. 00/567 o día 25 de xaneiro de 2014, xunto coa moción, rogos e preguntas presentados para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“Unha parte importante das entidades financeiras bancarias e caixas de aforro foron rescatadas polo Estado debido á súa mala xestión.

Os rescates a estas entidades supoñen unha carga financeira para todas as persoas e familias do país, que ven diminuídos os seus ingresos e encarecido o seu nivel de vida, debido en parte aos impostos destinados a pagar os mencionados rescates.

Os supostos refinanciamentos e axudas que realizan as entidades cara aos seus clientes quedan moi lonxe do decreto de boas prácticas que subscriben, o que supón operacións co fin de facer negocio aproveitando a situación de desamparo dos seus clientes, así como a inclusión de novos avais que serán posteriormente desafiuzados xunto ao debedor principal no caso de non poder facer fronte á débeda.

As entidades rescatadas, en tanto sobreviven grazas aos impostos das persoas, deben ser especialmente sensibles ao seu sufrimento, debido a que un dos motivos da crise económica que vivimos, entre outros, é a mala xestión das ditas entidades, polo que deben ofrecer solucións ás persoas, que lles permitan, ben sexa seguir pagando a súa hipoteca sen que supoña unha carga imposible de levar, ben sexa con solucións para garantir o dereito a unha vivenda digna, así como o dereito a unha segunda oportunidade no caso da dación en pago e a condonación da débeda.

A sentenza do 20 de marzo do 2013 do Tribunal Supremo pronúnciase sobre as “cláusulas de chan” nas hipotecas.

A sentenza dispón a nulidade da coñecida “cláusula de chan” nos contratos hipotecarios, vinculando a dita nulidade, á falta de transparencia.

Este tipo de prácticas bancarias afectan directamente a centos de miles de cidadáns e o seu carácter abusivo foi declarado polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea, polo Tribunal Supremo, e antes polos xulgados e audiencias provinciais de toda España.

Non se trata de accións puntuais de determinada entidade financeira; son estratexias empresariais desenvolvidas pola maioría das entidades financeiras do país, que obraron durante anos impunemente, mentres se miraba de cara a outro lado por parte do Banco de España e do Consello Nacional do Mercado de Valores, que non actuaron fronte a elas.

A esta falta de actuación por parte dos organismos de control, temos que sumarlle a falta de respostas dos órganos de goberno, que acoden novamente na defensa da banca.

O efectos dos solos hipotecarios nótase especialmente nos momentos como o actual, cando a referencia sitúase en niveis historicamente baixos.

Por todo o exposto anteriormente, o grupo municipal de Esquerda Unida de Cambre entende que existe unha gran desprotección dos cidadáns e que está nas mans dos poderes públicos, entre eles as corporacións locais o deber de plantar cara a esta mala praxes para conseguir a eliminación deste tipo de cláusulas, que determinan un mínimo a pagar incluso cando os índices hipotecarios son inferiores.

A proposta de EU non é máis que poñer voz ao interese xeral de moitas familias que vense afectadas por condicións abusivas das entidades financeiras, que na maioría dos casos fóronlle impostas contribuindo á creación desta estafa que moitos chaman crise.

Por todo o exposto o grupo municipal de Esquerda Unida propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Que o Concello de Cambre inste mediante a remisión dunha carta ás entidades financeiras situadas no municipio e que asinaron hipotecas con cláusulas de

chan, a que procedan de inmediato á anulación das ditas cláusulas no caso de que aínda non fose realizado por elas mesmas.

Segundo: Que esta Corporación municipal inste ás entidades financeiras a que se absteñan de vender ou mediar este tipo de produtos sen informar coa debida dilixencia e de forma clara aos compradores, de que este tipo de cláusulas pode supoñer unha mingua económica variable en función do Euribor.

Terceiro: Que o Concello colaborará cos medios necesarios para informar e asistir ás persoas afectadas polas cláusulas de chan nas reclamacións ou queixas que tiveran que presentar para requirir a súa eliminación en defensa dos seus dereitos como consumidores.

Cuarto: Reclamar ao Goberno central a modificación por vía de urxencia do RD 1/2007, do 16 de novembro, sobre defensa dos consumidores, no sentido de introducir a consideración das cláusulas de chan como abusivas.

Quinto: Dar traspaso do acordo para os efectos correspondentes ao Congreso dos Deputados e ao Parlamento de Galicia.”

Concedida a palabra a dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que dende o grupo de goberno subscriben a práctica totalidade da moción que presenta o grupo de EU, pero cren que carece do máis importante neste caso, que sería un sexto punto no que se instase ás entidades bancarias do municipio de Cambre a que de forma voluntaria, dado que a sentenza non establece o carácter retroactivo das perdas que supuxeron aos consumidores, instarlles a que de forma voluntaria procedan inmediatamente á devolución das cantidades que teñen sido percibidas indebidamente. Di que esa é a achega que queren facer á moción. O seu voto, en principio, vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que eles non teñen ningún problema en engadir ese punto, porque lles parece que enriquece un pouco máis a moción. Poderíanse facer moitísimas cousas máis. Non teñen ningún problema en que se engada ese punto e así van a votalo.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que el quere facer unha simple aclaración. No punto segundo, cando se pide que esta Corporación municipal inste ás entidades financeiras a que se absteñan de vender ou mediar este tipo de produtos, el poñería ás entidades financeiras do municipio, se lle parece.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que se entende que aquí están falando de Cambre, claro, non lle vai dicir que vaia a Culleredo ou a Sobrado dos Monxes a facelo. Di que xa se entende.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que eles van votar a prol, pero tamén queren facer outra achega. Parécelles que aquí falta a presenza da Xunta de Galicia, que ao fin e ao cabo é a que ten as competencias en materia de consumo, por iso cre que se enriquecería bastante

a moción se engadiran un punto no que se inste á Xunta de Galicia a establecer os medios necesarios, igual que o punto tres, pero instando á Xunta de Galicia.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás di que se están engadindo bastantes temas e, co ánimo de facilitarlle as cousas aos veciños e veciñas que teñen este tipo de problemas, el cre que non estaría de máis, xa que se estima con esta moción que o concello vai colaborar, que na páxina web, como fan moitísimos concellos, se poñan os formularios con información respecto deste tema. Cre que sería moi importante, porque a páxina do concello a poden utilizar tamén para estas cousas, ter información nela e dalgunha maneira igual así tamén se evitaría que a xente viñera ao concello, xa que tería a información dispoñible na páxina web.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que o seu voto vai ser favorable.

Toma a palabra o Sr. alcalde para sinalar que el quere aclarar os puntos da moción, porque agora non os ten nada claros. O partido socialista fixo unha proposta e el non sabe se está recollida ou non, pregunta se a recollen como punto número sete. Engade que a el dálle igual a orde dos factores, pero pide que lle digan que queren recoller na moción antes de votala. Pregúntalle ao voceiro de EU se recolle a achega tanto da concelleira do Partido Popular como a do Partido Socialista.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que xa o dixeron, que lles parecía ben o que achegaba a concelleira do Partido Popular e, por suposto, a do Partido Socialista. Tamén pediron que se engada na páxina web do concello a máxima información posible respecto destes temas, para facilitarlles aos veciños e veciñas poder reclamar aos bancos.

Toma a palabra o Sr. alcalde para preguntar á concelleira popular como redacta o seu punto.

Dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe manifesta que o punto sexto quedaría redactado da seguinte maneira: “Instar ás entidades bancarias que estean operando dentro do termo municipal de Cambre a que de forma voluntaria procedan á pronta devolución das cantidades cobradas indebidamente aos debedores hipotecarios por ese concepto.”

Dona Margarita Iglesias Pais manifesta que a súa achega pode ir como un punto á parte ou engadila no apartado tres. Ou ben fan un apartado recollendo todo, ou poñen o mesmo texto pero empezando con que se insta á Xunta de Galicia, como autoridade competente en materia de consumo, a poñer os medios necesarios para informar e asistir ás persoas afectadas..., ou senón, engadilo dentro dese mesmo punto.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que entón iría dentro do punto tres, que di que o concello colaborará cos medios necesarios para informar e asistir ás persoas afectadas polas cláusulas de chan. Non obstante, iso o concello xa o está facendo, en Servizos Sociais, e para el é independente poñer que o concello colaborará cos medios e instar á Xunta. A el iso non lle cadra.

Dona Margarita Iglesias Pais di que, entón, como un punto á parte que recolla instar á Xunta de Galicia a poñer os medios necesarios para informar e asistir ás persoas afectadas por cláusulas de chan nas reclamacións ou queixas..., e o resto exactamente igual.

O Sr. alcalde pregunta ao Sr. Taibo se está de acordo e solicítalle á Sra. concelleira que lle dea por escrito ese parágrafo, porque non lle deu tempo a recollelo, xa que ela le máis rápido do que el escribe.

Dona Margarita Iglesias Pais di que o le máis lento. Sería poñer: “Instar á Xunta de Galicia, como autoridade competente en materia de consumo, a poñer os medios necesarios para informar e asistir ás persoas afectadas polas cláusulas de chan nas reclamacións ou queixas que tiveran que presentar para requirir a súa eliminación en defensa dos seus dereitos como consumidores.”

O Sr. alcalde di que entón o punto oito sería que se publique na páxina web, ou pregúntalle ao Sr. Taibo como dixo.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que o Sr. alcalde é quen está gobernando. Aquí do que se trata é de facilitarlle as cousas aos veciños. Se o Sr. alcalde quere recollelo na moción, moi ben, que o poña, pero el cre que se o Goberno municipal ten a vontade de poñelo na páxina web e darlle a máxima publicidade, porque el cre que si, que é o ánimo deste Goberno, pode facerse, poñerse nos luminosos do concello e incluso se pode poñer mañá na prensa. Do que se trata é de facilitarlle as cousas aos veciños e que teñan a máxima información posible, iso é do que se trata.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do PGD e integrante do GM, pregunta se a sesión non se está gravando como todos os plenos, porque el non ve a que vén entón ter que escribir todo, perder o tempo en escribir todo cando se está gravando. Despois, se hai algunha aclaración xa se fai na gravación, como se fixo sempre.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que el quere saber o que se vai votar, cantos puntos e que din eses puntos, porque el non ten o texto fixo, por iso toma a aclaración.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD).

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou aprobar a moción presentada polo grupo municipal de EU, coas modificacións incluídas polos grupos municipais do PP, PSdeG-PSOE e EU, quedando a parte dispositiva redactada do seguinte teor literal:

Primeiro: Que o Concello de Cambre inste mediante a remisión dunha carta ás entidades financeiras situadas no municipio e que asinaron hipotecas con cláusulas de

chan, a que procedan de inmediato á anulación das ditas cláusulas no caso de que aínda non fose realizado por elas mesmas.

Segundo: Que esta Corporación municipal inste ás entidades financeiras a que se absteñan de vender ou mediar este tipo de produtos sen informar coa debida dilixencia e de forma clara aos compradores, de que este tipo de cláusulas pode supoñer unha mingua económica variable en función do Euribor.

Terceiro: Que o Concello colaborará cos medios necesarios para informar e asistir ás persoas afectadas polas cláusulas de chan nas reclamacións ou queixas que tiveran que presentar para requirir a súa eliminación en defensa dos seus dereitos como consumidores.

Cuarto: Reclamar ao Goberno central a modificación por vía de urxencia do RD 1/2007, do 16 de novembro, sobre defensa dos consumidores, no sentido de introducir a consideración das cláusulas de chan como abusivas.

Quinto: Dar traspaso do acordo para os efectos correspondentes ao Congreso dos Deputados e ao Parlamento de Galicia.

Sexto: Instar ás entidades bancarias que estean operando dentro do termo municipal de Cambre a que de forma voluntaria procedan á pronta devolución das cantidades cobradas indebidamente aos debedores hipotecarios por ese concepto.

Sétimo: Instar á Xunta de Galicia, como autoridade competente en materia de consumo, a poñer os medios necesarios para informar e asistir ás persoas afectadas polas cláusulas de chan nas reclamacións ou queixas que tiveran que presentar para requirir a súa eliminación en defensa dos seus dereitos como consumidores.

Oitavo: Publicar na páxina web municipal a máxima información posible sobre este asunto, co fin de facilitarlles aos veciños e veciñas de Cambre a defensa dos seus dereitos.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do BNG. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezanove votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

#### **D) Moción do grupo municipal do BNG en defensa do bus no rural de Cambre**

Rexistrada de entrada ao núm. 00/542 o día 24 de xaneiro de 2014. Consta do seguinte teor literal:

“O pasado 11 de xaneiro a empresa Asicasa deixaba de prestar o servizo na coñecida liña 179 A Coruña-Almeiras-Cambre-Santa María de Vigo. A brutal eliminación do servizo sumada á falta da correcta información á cidadanía sorprendeu a moitos usuarios agardando nas paradas por un bus que nunca chegaría.

A compañía privada Asicasa escúdase na falta de rendibilidade económica da liña para xustificar a súa cancelación. Son moitos os condicionantes que axudaron a determinar esta teórica falta de rendibilidade da liña, algúns deles imputables á propia Asicasa, que operou horarios non axeitados, solapou frecuencias cos servizos doutras liñas, destinou buses en mal estado ao percorrido suprimido, incumpriu os horarios prefixados de maneira reiterada ...

En tal caso, máis alá da rendibilidade económica está a rendibilidade social: O transporte público colectivo por estrada é unha ferramenta de inclusión, vertebración e cohesión social. Máis en liñas como a suprimida, que conectaba a lugares das parroquias de Sigrás, Cambre, Cela, Brexo-Lema, Bribes e Santa María de Vigo directamente coa estación de autobuses da cidade da Coruña, prolongando o percorrido a primeira hora da mañá ata as inmediacións da mesma praza de María Pita.

A empresa Asicasa, pertencente á mesma propiedade que outra compañía de transporte de grandes dimensións; Cal Pita, é unha sociedade que explota importantísimas liñas de transporte por estrada. Sen ir máis lonxe a propia Asicasa presta servizo na liña A Coruña-O Temple- A Barcala-Cambre. Estes traxectos, que abranguen zonas máis urbanas, cunha enorme densidade de poboación e en consecuencia unha cantidade inxente de usuarios son fonte de enormes ingresos e pingües beneficios para a propia Asicasa.

A mesma Asicasa que realiza o transporte a numerosísimos centros de ensino público, tanto primario como secundario, de todo o contorno, e nomeadamente no Concello de Cambre. Traballo que se fai sobre seguro, onde os “clientes” son fixos e non hai marxe de beneficio pendente do número de viaxeiros, trátase pois dunha concesión estable que proporciona uns ingresos fixos e inalterables.

A maiores Asicasa é a titular do transporte intramunicipal do noso concello, as liñas de carácter circular que unen a nosa cabeceira municipal coas parroquias e lugares de Cambre. Por esta tarefa, Asicasa recibe unha subvención municipal que se aproxima aos 150000 €/anuais.

En resumo, Asicasa é titular dunha liña da que non dá obtido a rendibilidade económica desexada; certo. Pero certo tamén é que non a explotou debidamente como certo é tamén que non se pode obviar que a propia Asicasa obtén da administración pública importantes e vantaxosas concesións de transporte que xeran unha importante plusvalía.

Resulta lóxico pois que, cos beneficios de explotación das liñas máis potentes a propia empresa preste un adecuado servizo público a unhas zonas rurais que tiñan no autobús suprimido a mellor maneira de se comunicar tanto coa vila de Cambre como coa cidade da Coruña.



As teóricas solucións que se veñen formulando nos últimos días, non son se non recortes encubertos, edulcorados como restructuracións ou adecuacións de horarios que non teñen máis finalidade que oficializar e vender axeitadamente diante da opinión pública unha mingua substancial no servizo colectivo de transporte por estrada que atenta contra o conxunto de Cambre, pero nomeadamente contra determinadas parroquias e moi especialmente contra os sectores sociais máis desfavorecidos e vulnerables; xustamente eses que fan uso diario dos servizos eliminados.

Faise preciso lembrar que a administración titular da liña suprimida é a Xunta de Galicia, e que esta non pode obviar a súa enorme responsabilidade en todo o que está a acontecer. Igualmente é obrigado mencionar que ao asumir, segundo parece, o bus municipal, parte das cargas derivadas da supresión de servizo da liña 179, este verá minguada a súa eficiencia, tendo que desenvolver rutas máis amplas que minorarán as conexións entre as parroquias que viñan facendo uso del para conectarse con Cambre.

Cambre é un concello que, malia a crise económica, continúa a crecer en poboación, tamén o fai o noso rural; non ten lóxica que nun momento onde a utilidade do transporte público colectivo está fóra de toda dúbida tanto polo servizo que presta ao conxunto da sociedade como pola súa contribución a unha ordenación medioambiental e urbanística máis sostible, Cambre en vez de progresar, retroceda.

Non se pode permitir que para que unha empresa saneada economicamente, con importantes beneficios ano a ano, que non se caracteriza precisamente nin polo adecuado trato aos seus traballadores nin polo seu altruísmo social, que basea o seu negocio na concesión de licenzas de ruta por parte da administración pública, queira aumentar aínda máis as súas ganancias facendo negocio a costa das necesidades de moitos veciños e veciñas do noso rural.

Somos conscientes de que hai moitas cuestións susceptibles de mellora no transporte colectivo de viaxeiros en Cambre; tamén de que é posible adecuar custos ao tempo de que se mellora o servizo. Toda idea ou proposta debe ser obxecto de debate, sempre sobre dúas bases:

1.- O mantemento dos servizos existentes previos ao 11 de xaneiro como punto de partida a calquera negociación.

2.- A información e transparencia por parte do Concello de Cambre co conxunto da sociedade civil do noso concello, a comezar polo conxunto de grupos da Corporación municipal.

En atención ao exposto o Pleno municipal do Concello de Cambre, asume os seguintes acordos:

Primeiro: Demandar á empresa Asicasa, e se esta non o asume á Xunta de Galicia, a inmediata reposición dos servizos existentes con anterioridade ao 11 de xaneiro.

Segundo: De non se producir o restablecemento da liña eliminada por parte de Asicasa, demandar da Xunta a retirada da concesión na zona sobre a cal prestaba servizo a liña 179 e revisar detalladamente as condicións de explotación nas que opera Asicasa e Cal Pita no conxunto de liñas da comarca, nomeadamente nas que pasan polo termo municipal de Cambre.

Terceiro: Trasladar á empresa Asicasa, á Xunta de Galicia, ás centrais sindicais presentes na Mesa Provincial de Transporte a posibilidade de unir nun deseño circular as liñas 179 e 184 existentes ata o 11 de xaneiro. Posibilitando unha adecuación racional de custos para Asicasa e creando unha conexión Cambre-Carral inexistente ata o día de hoxe, mellorando a oferta de buses para os usuarios de Cambre.”

Concedida a palabra a don Fernando Caride Suárez, concelleiro do PP, manifesta que quere comezar informando ao Pleno da postura sobre esta moción que ten o Goberno, que é o voto favorable, porque entenden que gran parte da exposición de motivos a realizar é unha realidade. Por iso, e por compromiso cos veciños, votan a prol e darán traslado de todas as propostas.

Tamén queren comentar que co punto terceiro non poderían estar máis de acordo. Na reunión que tivo lugar o venres con todas as asociacións de veciños, de amas de casa e asociacións do concello, formulouse esta mesma solución a esa ruta, á número 184, polo tanto xa estaba incluída dentro das demandas que lle ían realizar tanto á concesionaria como á dirección xeral. Por todo isto, conclúe dicindo que non cabe nada máis que amosar o seu voto favorable.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que dende o seu grupo están tamén totalmente de acordo, e dan grazas ao BNG pola presentación desta moción. O que si, é que se acaban de quedar perplexos e atónitos coa referencia que fixo agora mesmo o concelleiro de Transportes, o Sr. Caride, a unha reunión con distintas asociacións de afectados, con que non se teña convocado aos distintos grupos desta Corporación.

Di que é algo que por unha parte lles sorprende, pero que por outra parte están, e teñen que dicilo así, acostumbrados. Eles o comen, fan todo ás costas, a escondidas do resto dos grupos da Corporación, e el quere recordarlles que levan dous anos e medio gobernando neste concello en minoría. Están en minoría, e é unha falta de respecto ao resto de grupos da Corporación, cando hai temas como este, que son alleos, un problema co que o Goberno se atopou e que é alleo totalmente a eles, iso o resto dos grupos o entenden, pero que non teñan a decencia de convocar ao resto dos grupos desta Corporación para formular e ver posibles solucións, no o entenden.

El cre que deron de sobra mostras que nos temas que son relativamente importantes para os veciños de Cambre, polo menos o grupo municipal dos socialistas de Cambre, sempre achegou cousas e tratou de estar aí. Por iso lle sorprende que haxa reunións para tratar isto e que a única información que teñan a día de hoxe sexa a que sae na prensa sobre as distintas reunións que mantivo o Sr. alcalde coa Dirección de Mobilidade, cos representantes da empresa e demais, cousa da que tampouco se lles deu traslado oficial para coñecer de que foron esas reunións. É algo que dende o PSdeG-PSOE volven botarlles en cara. Faltan pola súa parte ganas de dialogar.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que, de feito, xa están pensando en comprar bicicletas para ir á Coruña, porque se lles quitan o tren, agora lles quitan as liñas de buses, dentro de pouco quedaralles a bicicleta, porque se seguen así non sabe onde pararán.

Eles están completamente de acordo coa moción, felicitan ao BNG por este traballo, e tamén dicir que, dende logo, eles necesitan información. Agardan que o Goberno, que aproba esta moción, lles manteña informados do que vai pasar dende que aproban a moción ata que arranxen o problema. Supón que terán a decencia de informar a todos os veciños de Cambre.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que a medida que se tomou da supresión do autobús que partía de Sta. M<sup>a</sup> de Vigo, non fai máis que empeorar a mobilidade dentro do conxunto do concello, pero sobre todo nas zonas máis rurais.

Para o seu grupo resulta inexplicable unha decisión unilateral por parte da Xunta de Galicia e desas empresas, que decidan deixar a gran parte dos veciños de Cambre sen servizo. De verdade el cre que a actuación que se fixo a posteriori habería que tela feito con anterioridade. Cre que é unha urxencia seguir mantendo os servizos, como ben dicía a moción do BNG, que por suposto van apoiar.

Por outra parte, parece ser que houbo unha serie de conversas, iso segundo manifestacións do Sr. alcalde nos medios de comunicación, houbo un montón de reunións, cre que todos os días estaban de reunións, pero a verdade é que o que se conseguiu non o sabe.

EU, non sabe se foi no pleno pasado ou no anterior, tamén solicitou que liñas da zona do rural, concretamente a liña cre que é a 169 ou 177, que vai por Cela, Meixigo e San Lourenzo, que se ampliara ao lugar dos Coruxos. Di que tampouco saben se propuxeron iso nesa reunión, era unha cuestión que había que formular, e agarda o Sr. concelleiro lle responda se efectivamente propuxeron o tema da ampliación desa liña cara á zona dos Coruxos.

Conclúe reiterando que van votar a prol da moción.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, agradece o voto favorable a esta moción por parte do conxunto de grupos da Corporación, nomeadamente do Goberno municipal. Cren que as súas posturas neste tema poden ser en certa maneira moi diverxentes, na maneira de entendela, na maneira de enfocala, e agradecen o seu voto favorable. Tamén dicir, en honor á verdade, que a moción foi redactada dunha maneira que permitira buscar eses puntos en común.

A eles di que lles satisfai, como BNG de Cambre, que se faga bandeira por parte desta Corporación da súa proposta do bus circular, e que dalgunha maneira se intenten levar adiante os acordos que hoxe aproban. Pero di que, en certa maneira, o gato escaldado fuxe da auga. Esta lexislatura comezou en xuño de 2011, e dende ese

momento o Goberno municipal xa vai tendo un pouco un currículo en materia de transporte, e cando remate a lexislatura, se isto segue así, o balance deste Goberno será que antes na estación de tren de Cambre paraban catorce trens diarios e hoxe paran dous. Que en Cecebre paraban doce trens diarios e hoxe paran dous. Que Brexo Lema tiña oito conexións directas diarias coa cidade da Coruña e agora vai quedar, no mellor dos casos, con tres. Que a xente de Sta. M<sup>a</sup> de Vigo tiña unha conexión directa coa Coruña a través de Cambre, oito veces ao día, e agora ou ten que ir dar unha volta por Carral, como mal menor, ou ten que subirse a un bus intramunicipal que fai un percorrido que é “abracadabrante”. El non sabe se se fixaron niso, pero el pode dicirlles que da súa casa ao centro de Cambre, á parada de autobuses de Cambre, hai dous quilómetros setecentos metros, fai a baixada de Meixigo, sube por Cela, A Patiña, Cambre, aínda poderían ser dous quilómetros trescentos metros se fora polo Noceiro, pero loxicamente non é o camiño apropiado, algo que se fai a pé, a ritmo del, que tampouco é que sexa aquí un *Iron man*, en 20 ou 25 minutos. O que propoñen agora co bus intramunicipal é que para facer eses 2,7 quilómetros, a xente ten que desandar camiño e ir ata San Lourenzo, de San Lourenzo ir a Lema, de Lema ir a Sta. M<sup>a</sup> de Vigo, de Sta. M<sup>a</sup> de Vigo baixar por Bribes, andar Peirairo, volver a Lema, chegar a Cela e logo subir a Cambre. É máis tempo o que tarda no bus que o que tarda a pé.

Di que o actual sistema é total e absolutamente impresentable, é dicir, o BNG nese sentido quere facelo dalgunha maneira público, que non se están a dar solucións. Os fins de semana quedan os veciños total e absolutamente vendidos, polo tanto, o BNG quere dalgunha maneira facerlles un chamamento a que se poñan as pilas.

Continúa dicindo que, dende logo, eles non poden estar de acordo en como actuou o Goberno municipal. Ao entender do BNG, queren dicilo aquí publicamente diante dos veciños que hoxe acudiron ao pleno e en parte algúns secundaron a mobilización que está a levar adiante o BNG, e que van seguir con ela, detrás disto está a conivencia e o chalaneo da administración pública, nomeadamente da Xunta de Galicia, con determinadas empresas concesionarias de transporte, neste caso Asicasa. Non se entende que sendo a Xunta a titular da liña, non poña en cintura á empresa concesionaria, e teñan que asistir a unha especie de “vamos facerlle chegar unhas cuestións, as suxestións, tal, unha negociación...”. Di que están diante dun servizo autonómico, dunha liña autonómica, titularizada pola Xunta de Galicia, e hai unha empresa que opera en concesións, se deixa de cumprir, se deixa de prestar ese servizo, a actitude ten que ser outra. Eles non entenden, non poden participar desa actitude submisiva con Asicasa, como se lle deberan non se sabe exactamente o que, cando a realidade e a verdade é que os servizos están empeorando total e absolutamente, é máis, suprímese a liña 179, e teñen coñecemento, así o dixo Asicasa nos medios de comunicación, que eles xa comunicaran á Xunta hai un ano a súa intención de suprimir a liña.

Di que a el fáltalle, como concelleiro e como cidadán e veciño de Cambre, ter coñecemento das alegacións que nese ano presentou o concello á decisión de Asicasa de suprimir a liña. Quere pensar que existen, pero nin como concelleiro nin como cidadán ten noticias.

Aquí todos son uns dun partido e outros doutro, uns dunhas ideas e outra xente doutras, pero entenden que o transporte público debería ser un tema que fora motivo de unión, é dicir, que estando gobernando o PP en Cambre contarán co conxunto da Corporación para ir todos a unha, a ter unha postura de forza e a defender algo que vai máis alá das diverxencias entre grupos políticos. Pero eles o guisaron e eles o comeron, e só cando se aveciñou o desastre comezaron, aí si que son socialistas e de esquerdas, porque ben que se preocupan de socializar as perdas, aí si fixeron un chamamento a través dos medios de comunicación, é certo, mágoa que non o fixeran antes. E si que tiveron, unha vez consumado o desastre, unha reunión coas directivas de asociacións de veciños e diversas entidades sociais de Cambre, mágoa non telas tido antes, unha auténtica mágoa.

Tamén é unha auténtica mágoa mirar como actúa a mesma empresa en concellos veciños como Oleiros, porque pregunta en Oleiros que pasa, se non hai crise, se non hai disfuncións no transporte colectivo por estrada. A resposta é que si os hai, pero saben que alí a actitude do Goberno municipal, e moi posiblemente do conxunto da Corporación, vai ser outra diante dos recortes. O que non pode ser é que lles estean sacando os buses dos fociños, unha empresa que se fai de ouro coa liña da Barcala, unha empresa que se fai de ouro coa liña do Temple, unha empresa que lle paga auténticas miserias aos traballadores e que os ten explotados e cun nivel de presión abafante, e que lles veñan dicir que esa liña é deficitaria, porque Asicasa gaña moitísimo con esas outras liñas, e Asicasa gaña moitísimo coas concesións dos colexios.

Continúa dicindo que claro que esta é unha liña deficitaria, pero porque a maltrataron. A xente ten que saber que eses buses saían da Coruña á mesma hora que saían os buses directos para Cambre, co cal os veciños de Cambre vila e arredores non podían utilizar ese bus para ter unha conexión a maiores con Cambre. Esa liña deixárona morrer, non lles interesaba, porque sabían que aínda que a potenciaran nunca ía ter todo o beneficio que eles pensaban, por iso a deixaron morrer, e contan coa complicidade da Xunta, é unha vergonza.

El manifesta aquí publicamente, celebrando o apoio a esta moción que están tendo a día de hoxe, o desexo de que non teñan que vir dentro de dous ou tres meses, como terán que facer co tema do tren, a facerlle as honras fúnebres a esta moción, porque despois non se vai facer absolutamente nada.

Dille ao Sr. alcalde que el que é tan amigo de negociar cos empresarios, que dunha ou doutra maneira fala das súas relacións coa Xunta, co director xeral de Mobilidade e demais, pídelle que os faga entrar en cintura. Asicasa é unha concesionaria e cando hai un problema coa concesionaria, ben saben o que hai que facer.

Di que se o Goberno municipal opera de maneira distinta, o BNG aí si que os apoia, grosso modo, por exemplo, coa piscina da Barcala, cando o Goberno actúa diligentemente e polo libre, ten o respaldo do Bloque, nese caso escabroso.

Toma a palabra o Sr. alcalde para pedirlle ao Sr. concelleiro que vaia rematando a súa intervención.

Don Daniel Carballada Rodríguez continúa explicando que o que ven aquí hoxe é que o Goberno cando as ve vir, e cando ve o salón de plenos cheo, vota a prol, pero despois, á hora da verdade, Asicasa neste caso, campa por onde quere. O Goberno ten a obriga de defender a Cambre, porque el é concelleiro na oposición, pero eles ocupan o Goberno, e el pídelles por riba de diverxencias ideolóxicas e por riba de adscricións a grupos, que defendan Cambre, que teñan un Goberno municipal que defenda aos veciños de Cambre, porque o que pasou foi inhumano.

Di que o luns 13 de xaneiro, a primeira hora da mañá, ás 9:15 horas, había dous veciños, un veciño e unha veciña, na marquesiña da parada de Meixigo, esperando por un bus que nunca chegaría, e ninguén lles dixo nada, absolutamente ninguén lles dixo nada. O martes a media mañá había un rapaz que pensaba aínda que ese bus ía chegar e o ía levar ao complexo hospitalario, ao antigo Juan Canalejo, porque non houbo información, porque se tratou á xente como auténtica escoura, porque se lle prohibiu aos condutores de Asicasa dar información aos usuarios, e teñen o que teñen.

Agora, a través dos medios de comunicación teñen coñecemento de que o Goberno municipal pacta melloras no transporte. Pregunta melloras de que, porque Brexo-Lema pasa de oito a tres servizos diarios, e o Goberno di que hai melloras sobre a diminución do día 11 de xaneiro, que era a eliminación total. Di que iso é tomarlle o pelo á xente, e co BNG para iso dende logo que non conten. Se queren esixirlle a quen lle teñen que esixir responsabilidades, que é á Xunta, titular da liña, e á empresa concesionaria, contarán co apoio do BNG, se non, obviamente non, porque para tomarlle o pelo á xente, non.

Remata dicindo que agarda que esta empresa que se carga unha liña autonómica pola cal non pode recibir subvención directa, e parte dese desaguizado pasa a ser asumido polo bus municipal que recibe subvención anual directa do Concello de Cambre, non veña cando sexan os próximos exercicios, os próximos orzamentos, a reclamar un aumento da subvención, porque entón estarán ante un atraco a man armada aos veciños de Cambre, coa anuencia e complicidade do Goberno municipal. Dilles que son o Goberno, non llelo discute, por iso pídelles que exerzan como tal e defendan aos veciños e veciñas de Cambre.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que o Sr. Carballada ten razón. Como dixo o compañeiro socialista levan dous anos e medio no goberno, pero el tamén lle pode dicir unha cousa, o bus municipal non o instalou el, e de acordo, como dixo o grupo socialista eles gobernan en minoría, pero eles tamén son goberno. A el gustaría lle ter visto enriba da mesa unha proposta da ruta do transporte municipal por parte do BNG, e non criticar unha proposta coas voltas de Meixigo, San Lourenzo, Sta. M<sup>a</sup> de Vigo, Peiraio e Bribes.

Dille ao Sr. Carballada que el non o interrompeu, así que pídelle que, por favor, o deixe falar.

Continúa dicindo que el, no momento no que tivo coñecemento da supresión da liña foi onde tiña que ir, á Xunta de Galicia, a esixir que iso se repuxera, xa o esixiu dende o primeiro momento. Di que eles si que fixeron unha proposta, unha proposta que está

enriba da mesa da Xunta de Galicia, coincidente practicamente con esta. É máis, di que esa proposta que o BNG fai do circular, xa a fixo o Goberno municipal na súa proposta, pero non fixeron iso só, senón que ampliaron o circular. Esa foi a súa proposta inmediata para poñela en servizo.

Están esixíndolle á Xunta de Galicia que lles dea resposta a iso, para explicarlle a todos os veciños como queda. A reunión que fixeron cos veciños no concello, e aquí hai presente algún membro desas asociacións, foi para indicarlles o que eles pensaban facer, porque recibían 20 ou 30 chamadas ao día e había que atendelas.

Se unha empresa, como Asicasa, decide nun momento determinado, algo sobre unha ruta que é da Xunta de Galicia, que non é do Concello de Cambre, o Concello de Cambre o único que pode facer é esixirlle á Xunta de Galicia que conserve esa ruta, e a Xunta de Galicia traspasarallo a Asicasa, pero pídelle que non lle bote a culpa ao Goberno municipal.

Di que o Goberno municipal fixo os seus deberes, e segue a facelos, todos os días, con propostas e melloras, e posiblemente daranlle unha boa solución a Cambre no transporte metropolitano, tanto nas rutas da Xunta como no circular de Cambre. Pídelle que non se preocupe, que non vai haber nin un só euro de aumento nas rutas do circular.

Conclúe dicindo que a el gustaría lle ter visto un plan seu enriba da mesa, en dous anos e medio. Dille ao Sr. Carballada que xa coñecía o circular cando entrou de concelleiro, e pregúntalle se ten algún plano do BNG enriba da mesa, variando algunha ruta porque era demasiado para o bus circular. Pídelle que llo diga e que llo diga aos veciños.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez contesta que el dillo sen ningún tipo de problemas, e pídelle que perdoe a súa veleidade na resposta, pero dille que minte. O Goberno dende prensa, dende o concello, transmitiron a idea e venderon, e así está en todos os xornais, que a liña A Coruña-Cambre se ía prolongar ata Brexo-Lema, e quedáronse tan anchos. Agora resulta que de 36 servizos diarios que ten esa liña só tres, seis contando ida e volta, van ata Brexo-Lema. Di que a letra pequena neste caso é bastante grande.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que o que minte é o Sr. concelleiro, pídelle que non lle volva chamar mentireiro, porque el dixo o que dixo e segue a mantelo. O que eles esixiron á Xunta de Galicia é que esa liña chegue a Brexo-Lema, e así llo dixo aquí aos veciños o outro día.

Don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que o Sr. alcalde dixo que a liña de Cambre se prolongaba ata Brexo-Lema, e esqueceron de poñer na nota de prensa que só era tres veces ao día. Pide que lle diga en que minte, no pequeno detalle de 3 a 30, que máis dá, se seguro que non se dan conta.

Di que os fins de semana seguen sen solución. O Sr. Andreu dixo antes que transmitindo e trasladando acordos co tema do aborto, que non se solucionaban os

problemas, e di que isto é o que pasa con esta problemática, que transmitindo e esixindo, ao que se ve, soluciónase máis ben pouco.

Eles entenden que están facendo o seu traballo de oposición e reclámanlle ao Sr. alcalde que eles fagan o seu de Goberno, e a partir de aí, a ver se conseguen chegar a puntos favorables. Pregunta ao Sr. alcalde se cre que a liña circular de Meixigo, Lema, Sta. M<sup>a</sup> de Vigo, como está funcionando a día de hoxe, como vai funcionar mañá, ten algún sentido. A resposta é que non o ten, ningún, absolutamente ningún, é un despropósito, por iso lles pide que se poñan as pilas e que cambien a metodoloxía de actuación na medida do posible.

Díxolle o Sr. alcalde que el como concelleiro coñecía o circular. El dille que iso é falso, total e absolutamente falso, porque se o Goberno tivera a proposta do circular, ben que a terían vendido na prensa, cousa que curiosamente non fixeron. Centraron as súas melloras nun aumento relativo da liña A Barcala-Cambre e en meter máis bus circular de Cambre, e con iso dixo o Sr. alcalde que quedaban atendidas as melloras do rural. Como a xente se está mobilizando e cada vez se está mobilizando máis, montaron dun día para outro a reunión do pasado venres, que foi un auténtico lavado de cara, dicindo “señores, traian as súas propostas”.

El pídelles que exerzan como Goberno local, ou pregunta se necesitan que lle veñan, neste caso os veciños a touro pasado, a dicirlles a eles que o bus antes pasaba oito veces por Brexo-Lema e agora pasa tres. Pregunta se necesitan montar unha reunión para iso. El francamente pensa que non, polo tanto, volve pedirles que exerzan de Goberno local. Se queren dicir que a idea do bus circular é súa, pois para eles, porque o BNG o que quere é que isto se leve para adiante e que deixen de ser un concello terceiomundista respecto de concellos veciños, tamén en materia de transporte.

Conclúe pedindo desculpas polas formas ao Sr. alcalde, dá as grazas e di que el non intervirá máis.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que o Sr. Carballada ou non o escoitou ou non quere escoitalo. El díxolle que teñen presentada na Xunta unha proposta, que ten que aprobala Mobilidade. Foi o que lle dixo, e el xa está a dicirlle que el comulga coas tres liñas que van a Brexo-Lema. Dille que non se pode anticipar a unha proposta que levaron á Xunta despois de ter a reunión cos veciños, está en Mobilidade.

Neste momento, e ante unhas manifestacións do concelleiro do BNG, o Sr. alcalde dille que el deixouno falar tranquilamente e pídelle, por favor, que o deixe falar a el. Reitera que el respectou a súa quenda e pídelle que el tamén o respecte na súa, e todo se verá.

Continúa dicindo que o Sr. concelleiro dille que é un disparate o bus circular, é moi posible que o sexa, pero tamén se queixa na súa proposta e tamén na prensa, de que non hai ningún bus que una Sta. M<sup>a</sup> de Vigo con Cambre ao suprimir a liña 179. Pregúntalle se non queda o circular, no caso de que Mobilidade non lles acepte as propostas que fixeron. Co cambio no circular e máis as liñas que migran, tanto o que vén a Cambre, que vai seguir ata Lema e ata Bribes, Lema e Bribes, que o Sr. concelleiro Bribes non o citou, como se non existira no mapa.



Don Daniel Carballada Rodríguez intervén para dicir que tamén Peiraio. Dille ao Sr. alcalde que non queira facer demagogia barata, e a Riveiriña tamén, por suposto que si.

O Sr. alcalde reitera que el respecta a quenda do Sr. concelleiro, pero que se el o quere tapar con palabras, de acordo. Dille que deixe que Mobilidade aprobe a petición do concello, que agarda que sexa nos vindeiros días, e despois falan do que teñan que falar, a ver se Cambre queda mellor ou peor. E se o Sr. concelleiro ten algunha proposta que facerlles, pide que llela faga.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que eles ao cabo de dous anos trouxeron aquí unha infinidade de propostas, de rogos e preguntas, de iniciativas en materia de transporte. O Sr. alcalde poderá discutirille moitísimas cousas, porque efectivamente un entra de concelleiro e non está ao quite de multitude de cuestións, pero a teimosía, a insistencia ata dicir basta do BNG en materia de transporte, cre que xa é algo que a forza de reiterado acaba por ser pesado.

Di que claro que é mellor que exista o circular a que non exista en Sta. M<sup>a</sup> de Vigo, na Lapa, en Brexo-Lema, en Bribes, en Peiraio, na Riveiriña, pero o lóxico sería que houbera unha liña de circular máis, porque se esas parroquias antes tiñan o servizo a través da liña 179, o que non é lóxico é sumalas a unha liña circular preexistente, porque os percorridos son sinxelamente quilométricos e non son operativos. Niso quere pensar que estarán de acordo. O Sr. alcalde di que ampliaron o bus das parroquias, pero claro, amplían o bus das parroquias, pero non hai máis buses, e é certo que si hai unha mellora en parte no abano horario. Non é unha solución eficiente, dille que lle diga a unha persoa de Meixigo que ten que ir a Sta. M<sup>a</sup> de Vigo para ir a Cambre, é que o “flipa”, e pídelle que lle permita a expresión coloquial.

Oxalá de todo isto, do seu labor como Goberno, que eles están intentado dalgunha maneira reforzar, do labor de oposición facendo loxicamente presión social, e da mobilización dos veciños e de todas esas chamadas que se están a realizar, se deriven melloras para o transporte público en Cambre. Eles, igual que no da Mota, niso apoiarano, e celebrarano e serán os primeiros en recoñecelo publicamente, dille que por iso non teña perda.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane manifesta que dende o seu grupo gustaríalles que deran traslado ao resto dos grupos da oposición desas propostas que están na Dirección Xeral de Mobilidade.

O Sr. alcalde contesta que o farán.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD).

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

## **4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN**

### **4.1. Informes do equipo de goberno**

De orde do Sr. presidente, a secretaria por delegación dá conta do seguinte asunto:

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 17059 o día 19 de decembro de 2013, procedente do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria (FROB), no que se acusa recibo do escrito polo que se lles deu traslado da moción aprobada no pleno do día 28 de novembro de 2013, co fin de paralizar a venda de Novagalicia Banco.

### **4.2. Rogos**

Antes de dar lectura ao rogo presentado conxuntamente polos grupos municipais do PSdeG-PSOE, UxC, EU, BNG e polo concelleiro de PdeC, don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, explica que no pleno anterior, que tivo lugar o 19 de decembro de 2013, xa se tiña presentado un rogo de carácter colectivo no que os grupos da oposición, facéndose eco das demandas do Brexo Lema SD, demandaban unha pronta solución ao tema que agora mesmo se atopa paralizado entre o Goberno municipal e a sociedade deportiva para a firma dun convenio de cesión do campo dos Pinares.

Di que reiteran por medio deste rogo neste pleno, a preocupación que ten a día de hoxe o Brexo-Lema, os seus directivos, os xogadores, os técnicos e as familias afectadas. Porque este tema parece que non ten solución, ou polo menos non se lles ten comunicado.

A continuación, dá lectura ao rogo presentado.

### **Rogo presentado por escrito polos grupos municipais do PSdeG-PSOE, UxC, EU, BNG e polo concelleiro de PdeC**

Rexistrado de entrada ao núm. 00/565 o día 25 de xaneiro de 2014. Consta do seguinte teor literal:

- Sr. alcalde, como ben vostede sabe, dende o día 26 de setembro de 2012, o club de fútbol Brexo-Lema SD vén mantendo reunións periódicas con vostede co fin de buscar unha solución aos problemas derivados da insuficiencia das instalacións públicas que teñen os clubs de fútbol do noso concello e, especialmente, o Brexo Lema.

Froito desas reunións, en agosto de 2013, chégase a un acordo para a cesión de terreos e instalacións do campo dos Pinares e a posterior construción dun complexo deportivo de propiedade municipal. O dito acordo plasmouse nun documento de cesión redactado polos representantes municipais, dándose traslado aos distintos departamentos para que realizasen os oportunos informes técnicos. Obtidos os informes favorables, coa excepción do emitido polos servizos xurídicos, o Sr. alcalde comprometeuse a buscar unha solución aos problemas formulados, xa que os acordos de fondo recollidos no citado documento querían manterse.

No pleno ordinario do 19 de decembro pasado os distintos grupos municipais da oposición presentamos un rogo no que se instaba ao Goberno municipal a que no prazo máximo dun mes se convocara ao Brexo-Lema para a firma do controvertido convenio de colaboración.

No debate do mencionado rogo, o concelleiro de Deportes manifestou: *“que os dous campos de fútbol municipais existentes son, a todas luces, insuficientes para cubrir as necesidades que os clubs de fútbol teñen na actualidade, e que a idea do Goberno é facer un campo de herba artificial a maiores”*, e recoñece que os terreos dos Pinares son os que reúnen as mellores características para poder facer unha instalación en condicións.

Sr. alcalde, se isto é así, como é posible que a día de hoxe non se teña firmado o convenio de colaboración? Cando pensa o Goberno municipal afrontar a solución do problema? Ou acaso estase intentando dilatar no tempo a solución do problema poñendo, así, ao Brexo-Lema SD en grave perigo de subsistencia, sufocado, como está, pola falta de instalacións que lle permitan desenvolver a súa actividade deportiva cotiá.

Vostede, Sr. alcalde, manifestou no pleno pasado que o borrador de convenio que presentou o Brexo-Lema resultaba “draconiano” e que só favorecía ao club de fútbol. A continuación dixo que vostedes o tiñan revisado e que presentaron o que entendían que debería ser. Di, de seguido, que o trasladan aos servizos xurídicos e que din que así non se pode firmar. Tamén di vostede que hai que buscar unha solución, que hai que firmalo, e que niso estamos.

Onde estamos, Sr. alcalde? Como é posible que unha vez chegado a un acordo co Brexo-Lema e téndose presentado problemas de índole xurídica, que é a súa responsabilidade resolver, e tendo transcorrido máis de cinco meses dende a elaboración do convenio e os seus informes, non se teña dignado a convocar aos representantes do club para buscar as oportunas solucións? Cando pensa vostede convocalos? Para cando o convenio?

Por todo iso:

Solicitamos se dea cumprimento ás promesas efectuadas polo Goberno municipal, e se proceda, con urxencia, á subscripción do mencionado convenio.

Concedida a palabra a don Fernando Caride Suárez, concelleiro delegado da Área de Deportes, Xuventude e Voluntariado, expón que tal e como manifestaron no rogo conxunto que se presentou no pleno do 19 de decembro, e como así lles manifestou o Sr. alcalde, no prazo que se marcaba nese rogo, un prazo dun mes, era imposible formalizar ese convenio. O que si lle pode dicir é que tanto o Departamento de Deportes como os servizos xurídicos do concello non teñen parado de traballar neste asunto, polo que agardan, antes de que finalice o mes de febreiro, poder ter unha opción de convenio para presentar á directiva do club e sentalos para expoñerlles o dito convenio.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que dixo que agarda que o mes que vén, en febreiro, telo preparado. El creu entender que o Sr. concelleiro dixo iso, porque supón que cinco meses non son suficientes, e logo verán a ver. Eles, dende logo, di que non o cren. É increíble que tendo do seu lado aos veciños como os teñen para chegar a un acordo, non se poñan a traballar de forma rápida, sabendo o que está sufrindo ese club, sobre todo os rapaces que teñen que facer uso desas instalacións.

Di que van a ver, van esperar un mes. Dende logo UxC non cre, non se fía de que o Goberno municipal vaia cumprir agora, despois de seis meses, a súa palabra. Agarda que si, agarda sinceramente que si, estarán pendentes para apremalos entre todos, para que realmente fagan o seu traballo

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que neste tipo de problemas cre que quedou xa posto de manifesto en varias ocasións, no pasado pleno ou neste mesmo, que ten que existir diálogo e transparencia, e sobre todo o que ten que existir é moito diálogo nas negociacións. Hai que ter vontade para iso.

El cre que a sociedade deportiva Brexo-Lema puxo a suficiente vontade, e cre que non foi correspondida por parte do concello, como se dixo antes cinco meses é bastante tempo. Agora tamén se falaba de que se poñía o prazo dun mes, pero tamén quedou posto de manifesto que o mes era bastante flexible. De todos os xeitos xa transcorreu máis dun mes.

Dende EU están convencidos, e cre que tamén o conxunto da Corporación, que estes posibles acordos van achegar unha riqueza importante para o conxunto dos veciños, van achegar unha serie de infraestruturas das que agora mesmo se carece. Do contrario, están correndo o risco de que moitos nenos de Brexo-Lema e do resto do concello queden sen instalacións deportivas para practicar o deporte que máis lles gusta, que é o fútbol.

El agarda que nun prazo moi breve, como dixo o concelleiro de Deportes, que se senten a falar coa directiva do Brexo-Lema e que cheguen a un acordo para resolver, dunha vez por todas, ese convenio que é fundamental para a continuidade dun equipo que leva moitísimos anos, porque lle custou moito aos seus veciños e socios chegar a iso. A pelota a ten o concello no tellado, xa di que a ver se en breve se chega a un acordo e se chega a bo porto.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo subscriben, loxicamente, este rogo, que non deixa de ser unha mostra de apoio público ao Brexo-Lema.

O que se fan é unha pregunta despois do que pasou aquí o pasado pleno do mes de decembro. Eles queren preguntarlle ao Sr. concelleiro de Deportes, directa e publicamente, se el, logo do pleno do pasado mes de decembro, se dirixiu á directiva do Brexo-Lema, se el dende o concello ou algún subalterno mantivo, de motu propio, despois de todo o pasado aquí o pasado pleno, algún tipo de comunicación coa

directiva do Brexo-Lema, porque o que lles transmite a eles a directiva do Brexo-Lema é que tiveron que chamar eles.

Di que outra vez están coa cuestión das formas, porque postos a entender, como argumentou aquí don Óscar Alfonso García Patiño, de UxC, eles poden entender que transcorridos cinco meses teñan que transcorrer seis, non lles gusta, obviamente, consideran que as cousas deberan de correr con outra axilidade, pero o mínimo neste caso, moi especialmente neste caso, coa sensibilidade social que esperta, como se comprobou no pasado pleno, son as formas, e consiste moitas veces en falar e transmitir que efectivamente se camiña en determinada dirección.

Eles o que non poden entender, dende o sentido común máis básico e elemental, é que despois do vivido aquí no pasado pleno e do acordo e da relativa, por así dicilo, boa disposición amosada, non se tivera a iniciativa, a dilixencia e en certa maneira tamén a habilidade, de ter falado dende o propio concello co Brexo-Lema, e que teña que ser o club o que volva traer aquí o tema, chamar a todos os grupos da oposición para presentar un rogo para que isto volva tratarse. Porque el está plenamente convencido de que non o fan por gusto, de que aquí non hai ningún tipo de condicionante detrás. Volvendo ao tema do aborto, el cre que ninguén aborta por gusto e el non cre que a directiva do Brexo-Lema teña por hobby ter que buscar o consenso de todos os grupos da oposición para traer rogos mes tras mes.

El cre que nin o merecen eles, nin o merece Cambre como concello, e os veciños moito menos. Polo tanto, queren saber se iso efectivamente foi así, porque lles parece grave, e, de verdade, e por enésima vez, pídelles que se poñan tamén as pilas nun caso no que estando no fondo, queren pensar iso, todos de acordo, sempre hai algún tipo de subterfuxio administrativo, burocrático, etc., que impide a súa concreción, e aínda por riba volven a fallar nas formas.

Conclúe dicindo que se nas próximas eleccións o PP ten maioría absoluta, xa saben que gobernarán como goberna a dereita, pero de momento, de verdade, están en minoría, ou maioría minoritaria, seguro que Felipe pode corrixilo, e eles os convidan a coidar simplemente as formas, máis nada.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, di que manifesta o mesmo que manifestaba o mes pasado. Cre que é unha infraestrutura necesaria para a parroquia de Brexo-Lema e para o concello, ademais cre que é vital tamén para a continuidade do Brexo-Lema. Hai a máxima vontade, seguro ademais, porque así o sabe e así llo ten manifestado a directiva do Brexo-Lema en chegar a un entendemento e a un acordo, e el o que si pide é que se lle dea a máxima celeridade, que os servizos xurídicos lle dean prioridade a este asunto, e que o antes posible, incluso se pode ser antes dun mes, que se fale coa directiva e se chegue a un acordo.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que con independencia dos desencontros que el debe supoñer que poidan solucionarse nos próximos días, esa é a vontade de todos, que se reúnan dunha vez a directiva do Brexo-Lema co Goberno municipal para darlle saída a ese documento que tanto parece que se atranca.

Di que hai algo que ao seu grupo, e imaxina que a todos, lle preocupa, que é que un documento, un convenio como o que se quere levar a cabo, pode ser un documento que recolla compromisos reais ou ben un documento que recolla unha mera declaración de intencións, e refírese sobre todo ao problema do financiamento que ten que levar aparellado a firma dun convenio destas características.

Di que saben que a contrapartida á cesión do terreo dos Pinares sería o financiamento dun campo de fútbol de herba artificial e así, na contestación que deu o Sr. alcalde no rogo presentado no pleno de 19 de decembro, dicía literalmente que o ía intentar por todos os medios, é máis, que xa o fixera, porque no segundo apartado do rogo pedíase que se recollera nos orzamentos municipais do 2014 unha partida económica suficiente por parte do concello, e preguntábase o Sr. alcalde se sería mellor pedírllelo a outras administracións.

El fixo unha referencia a posibilidades, como tiñan realizado outros concellos, en concreto que lle consten Carral e Trazo, que por medio de convenios entre o concello e a deputación, chegaron a acordos para levar a cabo o financiamento deses campos de herba artificial. El o que quere é que lles aclare aos membros da Corporación, aos grupos que presentan este rogo, pero tamén sobre todo en primeiro lugar á directiva e á xente involucrada e que traballa polo Brexo-Lema, como se vai financiar este convenio. O Sr. alcalde deixouno aí no aire, pero no aclarou en concreto como o ía financiar.

Neste punto, pídlle a don Felipe Andreu que non interrompa, porque el está falando co Sr. alcalde.

Conclúe dicindo que lles gustaría que aclarase como se pensa financiar esta actuación.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que aí é onde está o quid da cuestión, o por que non se asinou antes este convenio foi porque os servizos xurídicos están facendo un estudo pormenorizado do tempo, prazo e demais, para poder levalo a cabo tal e como quere o Brexo-Lema.

Se o concello asume todo o que pide no convenio o Brexo-Lema, iso non se podería levar a cabo xamais, polo tanto, o concello ten que presentar un convenio que sexa beneficioso para ambas partes. Niso están traballando os servizos xurídicos do concello, e por iso non se asinou antes, por iso el lles dixo no anterior pleno que non lle chegaba o tempo, que ao condicionalo a un mes, non lles recollía o rogo, e así llelo dixo, que non recollía o rogo porque nun mes non daban solucionado.

Pero conclúe dicindo que tamén ten a conciencia de que de aquí a finais de febreiro el poñeralle ao Brexo-Lema un convenio enriba da mesa, do cal, loxicamente, fará partícipes a todos os grupos. Ese é o seu compromiso hoxe aquí, antes de finais de febreiro.

Don Augusto Rey Moreno di que entón está comentando que para asinar ese convenio, parece que a única pata que quedaba por pechar, e esa era a súa pregunta,

era o financiamento. Pregunta se en febreiro vai existir o compromiso de financiamento claro con outras administracións.

O Sr. alcalde contesta que el espera que poidan limar esas diferenzas.

Don Augusto Rey Moreno di que esa é a diferenza entre asinar un convenio adecuadamente, con compromisos reais, ou ben unha mera declaración de intencións entre ambas partes ou, polo menos, por parte do Goberno municipal.

Reitera que lle preocupa, e se isto o di é porque naquel momento había un financiamento posible, xa o dixo no pleno do 19 de decembro, que desapareceu. Fala dun convenio coa Deputación provincial para financiar esta actuación. Na Comisión Informativa da Deputación Provincial, en concreto na de Contratación, Patrimonio e Equipamentos, extraordinaria e urxente celebrada ao día seguinte do pleno, o 20 de decembro de 2013, chégase a un acordo entre a Deputación Provincial e o Concello de Cambre para o financiamento, con base nese convenio, das obras de reforma e reparación da piscina cuberta da Barcala, en concreto a Deputación achega 240000 euros. Di que non está dubidando de que as obras da piscina municipal da Barcala foran necesarias, pero evidentemente desaparece a única fonte de financiamento da que polo menos o grupo socialista tiña coñecemento, para levar a cabo o compromiso de cesión do campo dos Pinares e a construción do campo de herba artificial, a menos que o Sr. alcalde lle diga agora que ten feitas algunhas negociacións con outras institucións ou administracións para conseguir ese financiamento.

Pregunta se existe ese compromiso, se existe ese financiamento, que xa saben que nos orzamentos municipais non existe, pero pregunta se existe ese compromiso con outras administracións. Di que iso é o que lles gustaría que deixaran claro no día de hoxe.

O Sr. alcalde di que el entende que o Sr. Rey ten coñecemento polo seu grupo na Deputación da subvención nominativa que lle dá a Deputación para arranxar a piscina da Barcala, unha subvención nominativa que está pedida dende o ano anterior, é dicir, do 2012, polos problemas que xa tiña a piscina da Barcala e que viñeron nalgunhas preguntas a este Pleno, concretamente lémbrese dunha do BNG. Polo tanto, esa subvención non é que estivera aí prevista para o Brexo-Lema, estaba prevista para a piscina da Barcala, e así asinarán o convenio, se Deus quere, mañá pola mañá, para acabar cos problemas que ten a piscina da Barcala, que son moitos.

Respecto do campo de fútbol do Brexo-Lema el dixo que xa tiña feitas as xestións coa Deputación Provincial para acceder a unha posible subvención. Non ten resposta da Deputación Provincial, pero ten moitas posibilidades de que lle digan que si, iso quere manifestalo e deixalo claro, el non se vai comprometer en nome do presidente da Deputación de que lle vaia dar esa subvención.

O que si é que, dende o Brexo-Lema participáronlle a posibilidade de asinar ese convenio porque tiñan un apuro económico. Dende o concello axudáronlles, e el puxo todo por parte da Alcaldía, todo, para poder levar a cabo o convenio, pero loxicamente el non vai asinar nada que non sexa legal, non vai asinar ningún convenio que non estea con todos os parámetros de todos os técnicos, xurídicos e demais.

Di que niso están e o único que lle pode dicir é que el se compromete a poñerlle á directiva do Brexo-Lema un convenio enriba da mesa antes de finais de febreiro.

Don Augusto Rey Moreno pregunta se tamén lle vai poñer enriba da mesa o financiamento preciso para levar a cabo ese convenio, porque se non están como ao principio.

O Sr. alcalde contesta que se o ten, si, se non, non. Di que el non lle pode contestar a iso, é imposible.

Don Augusto Rey Moreno sinala que el o di en función do que o Sr. alcalde dixo no seu momento, cando dixo que sería mellor pedírllelo a outras administracións e que ese paso xa se dera.

O Sr. alcalde di que si, pero que el non responde desas administracións e, polo tanto, non se pode comprometer en nome doutras administracións. El dille o que lle di, e cre que o di claro. Se o concello ten agora mesmo que adquirir o compromiso de financiar o campo de herba artificial do Brexo-Lema, el dille que o concello non ten posibilidades económicas de facelo. O concello, soamente o concello, non ten posibilidades económicas de facelo. Di que hai que pensar que un campo de herba artificial son 300000 euros, e se falan de que queren unha instalación deportiva con gradas e demais, van a máis de 500000 euros.

Di que el non se pode comprometer a iso, el cre que é un alcalde responsable, e se saca financiamento, que xa deu os pasos, doutras administracións, el comprometerase a adxudicalas, e vai poñer todos os medios para que así sexa, non se preocupe, pero o primeiro que hai que facer é poñerlle ao Brexo-Lema un convenio diante, que o estuden e que digan que están de acordo en facelo desesa forma, para poder obter o financiamento, para ter un campo municipal.

Don Óscar Alfonso García Patiño sinala que o Sr. alcalde dixo que xa dera os pasos para pedir o financiamento a outras administracións, eles solicítanlle que lles faga chegar os documentos onde consta iso.

O Sr. alcalde contesta que non hai documentos, e tampouco os hai na piscina da Barcala.

Don Óscar Alfonso García Patiño di que supón que é de palabra.

O Sr. alcalde responde que exactamente, e que cando lle digan que si, dirállelo.

O voceiro de UxC sinala que o problema é que iso pode levar anos. El sabe que os directivos, a xente e socios do Lema, do cal tamén el é socio, queren que o campo se faga xa, canto antes mellor, pero é posible que tarde tempo, e é tan posible que tarde tempo como que cambie a vida política, que o Sr. alcalde non estea aquí gobernando co PP, ou que o PP non governe na Xunta, ou que o PP non governe na Deputación. Di que xa llo dixeron en máis dunha ocasión e veñen repetíndollo, os papeis quedan, as palabras non, por iso lle di que se deixe de falar, de dicir que xa falou co



conselleiro, que falou co director, e pídelle que o solicite por escrito. Así sempre terá unha defensa por escrito do que queren os veciños de Cambre.

Téñense que fiar de que o Sr. alcalde o dixo, e vai ser bo e vaise fiar de que falou con eles, agora, se isto cambia os prexudicados van ser o Lema e os veciños de Cambre, polo tanto, rógalle que o faga todo por escrito.

O Sr. alcalde pregúntalle ao voceiro de UxC se el cre que cando foi ao presidente da Deputación Provincial da Coruña a pedirlle unha subvención para arranxar a piscina da Barcala, que estaba estragada, lle entregou un papel por escrito. Di que el lle preguntou se había posibilidades de conseguir esa subvención porque tiña unha piscina que era un desastre. Dez días despois o presidente díxolle que preparase o proxecto, así foi, e entón prepararon o proxecto e o fixeron por escrito. Non prepara o proxecto antes e lle di aquí ten vostede o proxecto, déame vostede unha subvención, porque a iso o presidente teríalle contestado que tiña unha cola esperando detrás.

Dille ao Sr. García Patiño que ás veces os papeis hai que presentalos, está de acordo, pero no seu momento, primeiro hai que negociar e logo virán os papeis.

### **Rogos do PSdeG-PSOE presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 00/564 o día 25 de xaneiro de 2014, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Denuncian veciños de Lema o mal estado no que se atopa o parque infantil e lavadoiro da Pitona. O terreo onde se atopan situados está completamente anegado de auga, facendo imposible que os rapaces o poidan utilizar. Parece que as razóns do seu estado son a obstrución do desaugadoiro da fonte e os problemas de drenaxe que presenta o terreo.

Por todo iso:

Solicitamos se arranxen as referidas deficiencias.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro delegado da Área de Obras e Servizos, acepta o rogo. Tan pronto lles deixe o tempo van tratar de limpalo. Agora mesmo é imposible meterse alí, farían máis dano que ben.

Dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, concelleira do PSdeG-PSOE, pregunta se de todas maneiras se está seguindo algún tipo de mantemento.

Don Manuel Marante Gómez sinala que tal e como está agora, mantemento xa non se lle pode facer, entérranse nel. Nas circunstancias en que está é un lameiro, por iso, tan pronto como o tempo llelo permita, van mirar de resolvelo, tratar de drenalo doutra maneira.

2º Denuncian veciños do Drozo de Cambre o problema que pola confluencia das augas de choiva se produce diante de Talleres Drozo, e que teñen a súa orixe na estrada autonómica e no camiño que vén dende a Estorrentada. Nos días de choiva

intensa as augas baixan por riba do firme do camiño, toda vez que os rexistros pluviais están obstruídos ou resultan insuficientes.

Por todo iso:

Solicitamos se realicen as reparacións oportunas para recoller axeitadamente as augas pluviais nesta zona.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro delegado da Área de Obras e Servizos, acepta o rogo. Di que de feito xa está falado cos veciños para cruzar practicamente polo vértice do seu terreo, para baixar. Están facendo xestións para baixalo cara á Estorrentada abaixo. Á parte diso están tamén mirando de resolver o problema que hai ata a escola infantil de arriba, onde a gardería, ata o camiño que se mete tamén para a Estorrentada antes dese de abaixo. Hai que tratar de cubrir aquilo porque alí estase indo tamén o saneamento e teñen problemas, hai filtracións que van tratar de resolver.

Don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, di que, como moi ben sabe o Sr. concelleiro, nese punto concreto non hai maneira de que os peóns circulen, é dicir, a estrada é o que serve para canalizar as augas e, nos días de choiva a xente non pode transitar por alí.

### **Rogos de UxC presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 00/572 o día 25 de xaneiro de 2014.

1º Despois do cruzamento de declaracións entre a empresa concesionaria da piscina da Barcala e o Goberno municipal referente ás competencias e ás deficiencias existentes, pregamos se nos informe en que situación se atopan as negociacións para solucionar os problemas existentes.

O Sr. alcalde sinala que cre que xa lles contestou. As negociacións atópanse no punto en que teñen presentado un proxecto na Deputación, aprobaron a subvención, mañá asinará esa subvención nominativa e a partir de aí sacarán a obra a concurso e iniciaranse as obras para reforma da piscina da Barcala.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, pregunta cando recibiron a piscina da Barcala, cre que foi no 2003, e pregunta se o Goberno municipal ou a Deputación fixo algún tipo de actuación respecto da empresa que construíu esa piscina, porque dende logo hai unha garantía de construción de 10 anos, 2003-2013, e os graves problemas da piscina da Barcala neste momento son por un defecto de construción. O que eles non están dispostos a admitir é que vendan na prensa que acaban de conseguir 240000 euros da Deputación para solucionar os problemas da piscina da Barcala, cando eses 240000 euros son cartos de todos os veciños, incluídos os de Cambre e se trata dun problema de construción.

Di que o Sr. alcalde o sabe, que hai un informe do 2004 onde di perfectamente cales son eses problemas, que son problemas de construción, polo tanto, a empresa que construíu, ou a Deputación que foi a que achegou neses momentos os cartos, terán algún tipo de responsabilidade, dende logo os veciños de Cambre non.

Reitera que a el lle gustaría saber que tipo de actuacións fixo o Sr. alcalde, ou fixo a Deputación, con respecto a todo o que está ocorrendo na piscina da Barcala.

O Sr. alcalde contesta que ese non é o rogo que lle facían aquí, pero el contéstalle igual, non ten ningún problema. Di que el naquel momento nin estaba no goberno nin tiña pensado estar. Na Deputación había outros grupos políticos. El non sabe que quere que lle diga, el non lle pode contestar a esa pregunta, porque el non ten nin o expediente da piscina da Barcala. El ten coñecemento dos problemas da piscina da Barcala no ano 2011, cando entra aquí, porque iso construíuse con outra subvención da Deputación Provincial da Coruña. Aquí gobernaba o Partido Socialista e na Coruña tamén o facía.

Pregúntalle que quere que lle diga. El non foi a investigalo, porque non pode investigalo. El o único que pide é conseguir que os veciños que van a piscina da Barcala a bañarse teñan as mellores instalacións, e por iso lle pediu ao presidente da Deputación que lle dera unha subvención para arranxala, porque o concello non ten cartos para poder afrontar ese arranxo, iso é todo, el non sabe nin que empresa a construíu.

Un defecto de construción ten un seguro decenal, pero son dez anos e iso vai collido polos pelos. Tamén sabe, extraoficialmente, que no ano 2008 ou xa no 2007, se fixo unha reparación da cuberta da piscina por parte do Concello de Cambre. El tampouco estaba no Goberno, e pregunta a quen lle pide responsabilidades.

É moi fácil intentar crucificar ao Goberno, pero el o único que fai é tratar de arranxar as cousas para que os veciños de Cambre se poidan ir bañar á piscina da Barcala, con todas as garantías. Pregúntalle se lle quedou contestado o rogo.

Don Óscar Alfonso García Patiño di que el entende que o Sr. alcalde queira arranxar a piscina para que os veciños de Cambre poidan gozar dela, enténdeo perfectamente como non pode ser doutra maneira, pero que non lle diga que non é un policía para investigar, porque o que si pode facer é unha pregunta por escrito, porque volve dicir que queda por escrito, queda rexistrado cun número de entrada na Deputación, preguntando cal foi a empresa construtora.

Non lle está dicindo que sexan o Goberno do PP aquí en Cambre, ou o Goberno do PP na Deputación os culpables, el non lle está botando a culpa a ninguén, simplemente di que é moi fácil coller 240000 euros dos veciños e poñelos para arranxar algo que tiña que arranxar unha empresa privada, que foi a que o fixo.

Pregunta se alguén se preocupou de pedirlle a esa empresa que poña os 240000 euros. Esa é a pregunta, porque el é alcalde dende o 2011, pero é alcalde para arranxar os problemas de Cambre, os que hai actualmente, veñan de atrás ou non veñan de atrás. El está para arranxalos, non para dicir que como antes gobernaba o PSOE el non ten nada que ver niso.

El o que lle preguntaba ao Sr. alcalde é se investigaron, se preguntou, se alguén fixo algo para recuperar eses 240000 euros, porque é moi fácil coller da caixa de todos os

veciños 240000 euros e despois saír na prensa e dicir que xa teñen a piscina. Que bo fun que conseguín 240000 euros da Deputación, iso é facilísimo.

O que non é fácil é dicir que lle acaba de aforrar aos veciños de Cambre 240000 euros porque a empresa que fixo mal iso o ten que facer ben, nin máis nin menos. Iso é o que el lle di, nada máis, non lle está botando ao Sr. alcalde a culpa de que a piscina estea como está, nin moito menos.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que, redundando un pouco no argumentado polo Sr. García Patiño, dúas cuestións. Unha, el entende que realmente isto é, en certa maneira, un capote ao seu labor de goberno, é dicir, o Sr. alcalde si pode, a través dos funcionarios, como di o Sr. García Patiño por escrito, conseguir que alguén determine no concello, porque alguén haberá coa sinatura competente para dicir se é factible nestes momentos reclamar algo, ben a outra administración ou ben á empresa construtora da piscina. Se non o é, que llelo diga, que o asine e asunto resolto. Se o é, pois que se estude esa posibilidade.

Dende logo cre que todos son conscientes de que o Sr. Rivas non estaba no Goberno no momento de realizar a piscina, nin foi, por así dicilo, obra súa, si en parte do seu partido, porque cando se inaugura a piscina estaba quen estaba no Goberno da Deputación.

Neste intre os concelleiros populares indican que estaba Moreda e dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel indica que está a placa alí.

Don Daniel Carballada Rodríguez dille a dona M<sup>a</sup> Jesús González que cando se inaugura a piscina da Barcala estaba quen estaba no Goberno da Deputación, o Sr. Salvador Fernández Moreda. Cando se proxecta a piscina da Barcala estaba quen estaba na presidencia da Deputación, un señor chamado don Augusto César Lendoiro. Polo tanto, aquí as responsabilidades son compartidas, porque aínda que reneguen del, Lendoiro neses momentos estaba, o pobre de Lendoiro, posto polo Partido Popular. Pero non é responsabilidade deles, en tal caso o BNG o que lles pide é que se busque, a través dos funcionarios. Engade que remata xa, simplemente quere engadir unha cuestión a maiores.

Intervén o Sr. alcalde para dicirlle que llo aclara facilmente, e que ademais vaille dar a palabra ao Sr. Baamonde, que xa lla pediu hai un rato. Simplemente unha cuestión de orde, el non sabe se a empresa que fixo a piscina da Barcala pechou ou non pechou, se estaba o Sr. Lendoiro, se estaba o Sr. Moreda, ou quen estaba de presidente na Deputación.

Don Daniel Carballada Rodríguez intervén para dicir que debería sabelo como alcalde de Cambre.

O Sr. alcalde dille ao Sr. Carballada que sempre ten a maneira de interrompelo. Segue dicindo que o único que sabe é que para que a Deputación reciba unha obra, ten que haber unha certificación dun técnico municipal. Se o Sr. Carballada quere ir agora ao técnico municipal a botarlle terra enriba, que por certo está enterrado, dille que o faga.

Don Daniel Carballada Rodríguez di que non, que vaia demagogia, que para nada.

O Sr. alcalde responde que demagogia ningunha, el dille o que hai, e non o quería dicir.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, pide un respecto aos mortos, que están sempre igual.

O Sr. alcalde pregúntalle ao Sr. Taibo quen era concelleiro naquel momento, e por que non deixan o pasado onde está e van ao presente.

Don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que nada máis lonxe da súa intención que botarlle a culpa a un funcionario, e menos a un funcionario falecido. El simplemente lle di que pregunte se é factible esixirle responsabilidades á empresa. Como alcalde díxolle que non sabe se a empresa existe ou deixou de existir, pois dille que debería sabelo, e debería pedir un informe municipal a ese respecto antes de consagrar a esa obra 240000 euros.

A maiores, el pregúntalle, e polo mesmo prezo o Sr. alcalde pode non contestarlle, simplemente é a título de inventario, pregúntalle se está previsto, se contemplan que o proceso de remodelación, que o tempo que vai estar pechada a piscina, que iso facilite hipoteticamente a rescisión da concesión coa actual empresa, ou iso dalgunha maneira se desbota por esa vía.

O Sr. alcalde dille que están nun rogo do Sr. García Patiño e pregúntalle se el quere facerlle outro rogo, porque xa o fará na súa quenda. Dille que está a facer outro rogo totalmente distinto.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que el é o primeiro interesado en que se resolvan todos os defectos da piscina. Di que, efectivamente, a piscina da Barcala foi contratada na lexislatura 1995-1999 cando na Deputación, gobernaba o PP, o presidente era o Sr. Augusto César Lendoiro. Terminouse a piscina na lexislatura 1999-2003, onde o presidente da Deputación era don José Luis Torres Colomer, e incluso, o Sr. García Patiño estaba no Goberno local de Cambre neses momentos, e sabe que non quixeron recepcionar ou coller a piscina da Barcala porque xa detectaron ou sabían que había defectos. Iso cando gobernaba o PP na Deputación. Pero, curiosamente, e ademais incluso cre que foi máis tarde do 2003, debeu ser a principios do 2004, porque ademais no 2003 houbo a curiosidade de que a Deputación tardou en constituírse ata o mes de outubro ou novembro, que foi cando entrou o Sr. Fernández Moreda de presidente, e de vicepresidente don Xaime Bello, do BNG, foi nese momento cando o Goberno local de Cambre, bipartito PSOE/BNG, recepciona, ou mellor dito, non recepciona, pero si asume. Di que non recepciona, pero é cando se produce o que é a inauguración, ademais el acudiu a aquela inauguración e sabe perfectamente quen a fixo.

Concedida a palabra a don Fernando Caride Suárez manifesta que co obxecto de confirmar ou desmentir algún dos datos que se teñen vertido neste pleno con motivo do rogo de UxC, primeiro quere dicir que antes de iniciar as negociacións coa

Deputación para no seu momento esa futurible subvención, obviamente o primeiro que fixeron foi buscar a documentación, durante mes e medio. Non a encontraron, tiveron que ir a buscala á Deputación.

O informe ao que fai alusión o Sr. García Patiño, de don Luis Medín, tampouco o encontraron. Tardaron tres meses, unha funcionaria deste concello estivo no rocho tres meses buscando ese informe, que estaba nunha carpeta detrás dun armario, con outros papeis, casualmente.

Casualmente tamén, unha das condicións para a recepción da piscina, que se produciu 30 meses despois da súa finalización, era que tiña que traerse a pleno a recepción, se non se equivoca, o Sr. Augusto Rey era concelleiro de Patrimonio nese momento, polo menos era concelleiro do Goberno, ou de Obras e Servizos, mellor llelo poñen aínda. Segundo o informe do Sr. Medín, se os membros do Goberno tiveran traído naquel momento a aceptación da instalación, nese informe pon taxativamente que desaconsella recepción a instalación. Por iso o que fixeron foi traer a pleno a aprobación da adxudicación da concesionaria, para evitar facer público ese informe.

Di que ese é o memorando de como se recepcionou esa instalación. Se se dan conta, o actual Goberno nunca fixo mención a ningún destes datos, porque son completamente banais chegado este momento. O único que pretenderon co tema da piscina é que, como ben dixo o Sr. Carballada, aquí houbo unha deixamento de funcións, por todos, o Concello de Cambre, o Departamento de Obras e Servizos no seu momento, o Departamento urbanístico e a Alcaldía, e por parte da empresa concesionaria tamén.

E dille ao Sr. Rey que nomea ao Departamento de Obras e Servizos porque no prego....

Neste intre don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que neste rogo o grupo socialista non interveu para nada, ou sexa que non sabe por que se dirixe a el.

Don Fernando Caride Suárez di que está expoñendo os antecedentes.

Don Augusto Rey Moreno sinala que a el non lle interesan os antecedentes, dille que el responda ao rogo.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle ao Sr. Caride que vaia rematando a súa intervención.

Don Fernando Caride Suárez di que os pregos poñen textualmente que hai que facer unhas revisións trimestrais por parte dos servizos do concello, que non se fixeron nunca, por iso se atopan neste punto.

Non é o ánimo deste Goberno meterse noutras trangalladas, máis que nas de esixir as responsabilidades que lle correspondan, única e exclusivamente as que lle correspondan, á empresa. Tamén autoesixirse, ao Concello de Cambre, as responsabilidades que ten polo deixamento das súas funcións ao longo dos últimos

anos, por iso mañá o alcalde asina o convenio coa Deputación, para que o concello cumpra coa súa parte, porque é certo que a instalación ten defectos, moitísimos, para mostra ver a piscina de Cambre ou ver a de Sada, son defectos construtivos, perfecto, por iso pídelles que asuman esa responsabilidade global.

Don Óscar Alfonso García Patiño pregunta que como que asumamos esa responsabilidade global, a responsabilidade non é dos veciños de Cambre se a construción está mal, será da empresa construtora, e eles como Goberno terán que esixir ata onde cheguen.

Di que claro, que teñen un problema, teñen un problema de documentación, catro meses para atopar unha documentación en arquivos, e tiveron que ir á Deputación, e tres meses para encontrar un informe do 2004. Di que se deron máis présa para encontrar outros informes ou outros expedientes nos arquivos non hai moito tempo, para iso si que se deron présa, tardaron unha semana en que apareceran eses expedientes.

Explica que el non di que sexa culpa, nin do Partido Popular, nin do Partido Socialista, nin da anterior lexislatura, nin de ningún funcionario, el simplemente di que, como Goberno, eles deberían intentar aforrar aos veciños de Cambre o máximo diñeiro posible. Iso é o que están dicindo, e é o que deberían facer baixo o seu punto de vista, ir á Deputación e preguntar, preguntar neste concello quen foi a empresa e se ten algunha responsabilidade, iso é o que están dicindo, non están dicindo outra cousa. Igual eses 240000 euros viñan ben para o campo de fútbol de Lema, igual viñan ben para iso se eses arranxos na piscina os pagara a empresa construtora.

Conclúe manifestando que simplemente están dicindo iso, nada máis.

Don Fernando Caride Suárez di que está completamente de acordo, pero como ben apuntou o Sr. Baamonde, e pídelles que o corrixa se non foi así, no 2003 estaba terminada e, polo tanto, tamén o seguro decenal.

Toma a palabra o Sr. alcalde para preguntar se hai máis intervencións sobre o rogo, e para manifestar que soamente quere aclarar unha cousa ao Sr. Taibo e ao Sr. Carballada. Di que el non fai responsable ao Sr. Medín. O Sr. Medín era o técnico que naquel momento tiña que asinar os informes e non os quixo asinar polas deficiencias que tiña a obra, e nada máis. El non lle bota terra enriba, todo o contrario, porque foi compañeiro seu de colexio, con iso díllelo todo, e foi el quen non quixo asinar os informes porque non estaba de acordo con moitas cousas que se tiñan feito na piscina, polo tanto non lle tira terra enriba, xamais.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que el non dubida de que o Sr. alcalde non quere menosprezar, nin moito menos, ao Sr. Medín, pero o que pasa é que xa están un pouco cansados de que todas as culpas vaian para esa persoa, que por desgraza faleceu. É que en plenos, en comisións, sempre é o técnico, vai ter a culpa ata de matar a Manolete.

O Sr. alcalde reitera que el non lle botou a culpa ao Sr. Medín, todo o contrario, el non quixo asinar a recepción desa piscina. Reitera que non lle bota as culpas, que foi un dos que non quixo firmar.

2º O grupo municipal de Unión por Cambre presentou o 22 deste mes unha solicitude por rexistro, avalada por máis de duascenas firmas de veciños, para que o Goberno municipal fixese as xestións oportunas coa empresa ACP-ASICASA, por mor dos problemas que están a dar os lectores de tarxetas do transporte metropolitano. Isto carrega múltiples problemas aos usuarios, tendo que pagar o importe total da viaxe e tendo que desprazarse á sucursal bancaria correspondente a solicitar unha nova tarxeta previo pago. Pregamos nos informen se por parte do Goberno municipal se fixo algunha xestión.

O Sr. alcalde contesta que si, que se trasladou a queixa mediante un escrito, concretamente o día 23 de xaneiro, á empresa Asicasa. No escrito dise que se achega a carta coa relación de sinaturas dos asinantes, solicitando que melloren as máquinas co fin de acadar un mellor funcionamento do servizo, tanto para a empresa como para os propios usuarios. Dende a Corporación que preside solicitan que teñan en conta ese requirimento e implanten as anteditas melloras.

Di que se queren failles chegar unha copia.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de UxC, di que si e que cando teña contestación por parte da empresa tamén lles gustaría que llela fixera chegar.

O Sr. alcalde di que o fará.

3º No Pinar da Reina, no Graxal, observamos que existen deficiencias no mobiliario urbano (farol torcido sen a luminaria, poste de sinal sen sinal, papeleiras deterioradas...). Pregamos tomen nota disto e déanlle solución canto antes.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro delegado da Área de Obras e Servizos, di que a brigada da que falamos no pasado pleno xa rematou na Barcala e xa empezaron por aí, precisamente no Temple pola zona do Pinar da Reina, para ir reparando e repasando as beirarrúas e demais, de feito algunhas cousas xa as estiveron arranxando a semana pasada. Van agora a estar, ata que rematen o contrato, na zona do Temple tratando de resolver esas deficiencias.

### **Rogos de EU presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 00/567 o día 25 de xaneiro de 2014, xunto coas mocións e preguntas presentadas para este pleno.

1º Segundo o informe da EDAR de Bens no que se revelan graves defectos, dos que o máis grave é a existencia de fugas no emisario, entre outras deficiencias, a determinación sobre quen vai ter que correr cos custos das reparacións aínda é un dato que descoñecemos. Os custos dos que estamos a falar que cubrirían as melloras necesarias na depuradora ascenden a máis de 700000 euros sen contar coa reparación do emisario.



É un despropósito que se estea a discernir quen vai asumir estes gastos cando hai só dous anos que se recepcionou unha obra que custou 112 millóns de euros. É imprescindible que se esixa a restitución inmediata das avarías atopadas á empresa construtora, que entrega unha infraestrutura defectuosa pola que se teñen que reclamar responsabilidades.

Pregamos:

Nos informe o Sr. alcalde que datos coñece respecto da situación dos custos a afrontar para a reparación das deficiencias e quen os vai asumir, así como a postura que adoptará o Goberno de Cambre no caso de que sexa a sociedade xestora da EDAR, da que Cambre forma parte.

O Sr. alcalde expón que a Sra. concelleira de EU adiántase ás circunstancias e hai cousas que el non lle pode contestar, porque xa o dixo aquí, cre que foi no pleno anterior, que no primeiro consello da EDAR de Bens tratouse o tema de reclamarlle todos eses danos á Confederación Hidrográfica, para que á súa vez llos reclame á empresa que fixo os traballos. Niso foi no que se quedou, e el non lle pode dar máis noticias porque dende esa data non houbo ningún outro consello. Di que están falando de hai un mes e medio aproximadamente, ou dous meses, non lembra a data, por iso lle pide que non llo tome e que despois diga que o Sr. alcalde dixo dous meses ou mes e medio.

Conclúe dicindo que iso foi o que se tratou e reitera que el cre que xa o dixo aquí noutro pleno, que as reparacións que se teñen que facer son por defectos estruturais, como é o tubo emisario ou outras cousas que tamén son estruturais. A EDAR de Bens vai reclamarllas á Confederación Hidrográfica e esta, á súa vez, á empresa construtora.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, concelleira de EU, pregunta se vai a reclamarllas ou se xa as reclamou.

O Sr. alcalde di que el non é o presidente do consello.

A concelleira de EU dille que non, pero que Cambre forma parte da EDAR de Bens.

O Sr. alcalde di que si, pero que iso é un consello de administración, e un consello de administración deixa nas mans da dirección xeral, para que sexa o director xeral o que faga ou transmita isto. El non llo pode contestar.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López explica que xa o sabe, pero que simplemente llo pregunta porque o Sr. Negreira si que dixo que a empresa ía asumir o gasto do emisario, non falaba dos outros gastos. Pregunta se o Sr. Negreira manexa información que o alcalde de Cambre non ten.

O Sr. alcalde contesta que se o dixo o Sr. Negreira, que para iso é o presidente da EDAR de Bens, igual é que ten información máis privilexiada, supón que llelo comunicará ao resto na primeira reunión que teñan.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López indica que aos medios xa llelo comunicou. Continúa dicindo que simplemente, e con respecto ao que se dixo polo tema da piscina, neste caso si que coñecen á empresa, neste caso si que debe estar a obra en garantía, neste caso si que se entrega unha infraestrutura deficitaria, e si que teñen avaliadas as deficiencias que son 720000 euros, si que pertencen á sociedade EDAR de Bens, si teñen responsabilidade e si que teñen que estar atentos e reclamar que a empresa asuma eses custos e que non recaian sobre eles, evidentemente.

2º O noso grupo xa ten exposto en varias ocasións a situación precaria na que se encontran distintas empresas que prestan servizos no concello. Nos últimos anos estamos asistindo (cando menos) ao limbo xurídico no que se están executando varios servizos. Para o grupo de EU non é normal que finalizado o contrato de xestión e as súas prórrogas correspondentes, as empresas concesionarias sigan prestando o seu traballo sen a existencia dun vínculo contractual; posto de manifesto nos informes de Intervención nas memorias dos orzamentos anuais do concello, ano tras ano.

Para o noso grupo non ten xustificación a demora na contratación, e cremos que o Goberno municipal debe dar unha explicación á cidadanía.

Por iso presentamos o seguinte rogo:

Que o Sr. alcalde solicite á Secretaría xeral do concello que emita un informe aclarando as causas que impiden as mencionadas contratacións e a maneira de proceder cando un contrato e as súas prórrogas conclúen. Do mesmo xeito, informen sobre os trámites e xestións que se teñen realizado nese sentido.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro delegado da Área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación, explica que el cre que deste tema xa se falou nalgunha ocasión, supón que sería por algún rogo ou pregunta tamén de EU. El o que lle pode dicir é que están totalmente de acordo co rogo, non podería ser doutra forma.

O informe non sabe ata que punto é a secretaria quen debe facelo, pero en todo caso pediránllo a ela, e se necesita o apoio dalgún outro funcionario, o conseguirán, tampouco pasa nada. Entregarállelo en canto o teñan.

En canto aos trámites e xestións que teñen realizado, el pode dicirlle que no mes de xuño, que foi aproximadamente cando rematou toda a tramitación burocrática do Plan Arume, que xa saben que lles minorou moito, porque era unha cuestión que tiña un prazo bastante perentorio, e que ademais se atoparon nunha situación bastante precaria cando chegaron, no mes de xuño tiñan enriba da mesa do Departamento de Contratación, el non sabería dicirlle exactamente o número, pero el cre que eran entre 17 e 18 expedientes de contratación pendentes de tramitar, alí nas oficinas. A consecuencia disto o que decidiron foi contratar a unha persoa máis, a un técnico máis para o Departamento de Contratación, por acumulación de tarefas, xustificando que tiñan bastantes expedientes e que necesitaban sacalos, contratouse durante seis meses, acaba de terminar agora o contrato, e trasladaron a un auxiliar máis para poder facer dúas liñas, dous equipos dun auxiliar e un técnico para que foran tramitando expedientes.

Nestes momentos, unha vez que pasaron eses seis meses, sete, porque hai xa un mes que rematou esa persoa, teñen un só expediente enriba da mesa, polo tanto, conseguiron sacar ao longo do ano todos os expedientes que tiñan parados.

Agora a situación está normalizada, e como teñen a situación normalizada poderán afrontar todos eses contratos que teñen en precario e que el recoñece que se comprometeu hai tempo a telos listos antes de que terminara o ano 2013. O certo é que non foi capaz, e o que lle pode dicir é que a partir de agora que só teñen un expediente agardando para tramitarse, teñen unha situación bastante boa para poder afrontar este tema.

Conclúe dicindo que a medida que lles vaian chegando os pregos irán tramitándoos, porque el cre que a maioría, e supón que son os que máis lles poden interesar, como por exemplo zonas verdes e demais, son asuntos que teñen que vir a pleno.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que el agarda que se lle dea traslado a este rogo segundo se solicita, do contrario o seu grupo vai trasladar isto ao Valedor do Pobo. Consideran que xa pasou demasiado tempo para que isto non se tramitara. O que o PP reprochaba na lexislatura anterior, agora caen na mesma trampa, e non sabe por que. Reitéralles que si que reprochaban estas cousas e ten a acta onde o Sr. Andreu recoñece que o facían.

Pero é máis, o Sr. Andreu ou lles minte ou lles engana, unha de dúas, e para iso están as actas. Na acta do 22 de decembro de 2011 don Felipe Andreu contestou, falando dunhas filtracións que había, que os contratos de calefacción, climatización e mantemento de zonas verdes estaban xa listos para contratar. Iso díxoo no 2011, e enganounos, mentiu, estaban listos para contratar e agora di que van a contratalos. Continuaba dicindo o Sr. Andreu que os técnicos estaban preparando a documentación para poder contratar tamén o mantemento de urinarios ou a subministración de combustible, que eran os contratos que máis reparos recibían. El dille que á parte doutros contratos que reciben moitos máis reparos, como ben sabe.

Reitéralle ao Sr. Andreu que ou ben os enganou ou está mentíndolles. El cre que o Concello de Cambre non pode estar cuns servizos, prestados por unhas empresas en precario. Dille que basta de desculpas, dixo antes que isto o trouxera EU, efectivamente, eles trouxeron esta iniciativa, pero houbo outros grupos que tamén a trouxeron, porque cre que a todos lles preocupa, ao mellor a uns máis que a outros, pero polo menos por transparencia.

Noutra ocasión o Sr. alcalde contestáballes que lamentablemente había un problema do persoal. El pregunta se ese é un problema do persoal. Pregúntalle se están paralizándo uns contratos por un problema do persoal. A el parécelle lamentable que antepoñan os intereses colectivos dos veciños a ese tema, e pídelles que non se ría.

Don Felipe Andreu Barallobre di que son cousas absurdas, que eles non antepoñen nada. Se teñen un problema de persoal, teñen ese problema, non están antepoñendo o problema de persoal ao traballo, precisamente non poden facer o traballo porque teñen un problema de persoal e porque el, que é concelleiro, non pode asinar, ten que

asinar un técnico, iso é o que di a lei, ten que asinar un funcionario, non el. Insiste en que el non pode asinar, aínda que queira.

Don Luis Miguel Taibo Casás dille que non vai por aí, que o Sr. alcalde sabe perfectamente ao que el se refire, estase referindo ao persoal da empresa que está contratada, dille que a ver se se informa un pouco.

Don Felipe Andreu Barallobre pregunta se están falando do tema da auga.

Don Luis Miguel Taibo Casás dille que están falando das empresas que están prestando o servizo en precario, entre elas a que o Sr. concelleiro acaba de dicir, entre outras varias, porque son varias.

Di que, de verdade, para el Cambre non pode permitirse o luxo de estar prestando os servizos en precario, porque a verdade é que non saben a que aterse en moitas cousas. Por exemplo, que lle digan a el cando hai unha avaría nunha fonte alí arriba se é que van os obreiros do concello, a arranxar a avaría. Di que el non sabe se son os obreiros do concello ou se son os da empresa que leva a concesión os que teñen que arranxar a avaría, é que non o sabe. Aquí a xente non sabe nada, como terminou o contrato, ninguén sabe nada.

Como iso moitas cousas máis. O concello está pagando diñeiro que non debería pagar, por servizos que deberían prestar outras empresas. A iso se refire. E despois, por transparencia democrática, e dille ao Sr. alcalde que pode darlle a cabeza e explicar o que crea conveniente.

Don Felipe Andreu Barallobre di que xa non é só cuestión daqueles contratos que reciban informes de reparo, el xa lle está dicindo que están totalmente de acordo, e esta é unha situación que non lles gusta, o levan dicindo dende o principio.

O Sr. Taibo acaba de falarlle agora dun contrato que no seu momento estaba listo e que decidiron paralizar porque comezaron a facer o inventario de bens, e aí ía haber modificacións. Dille que o sabe ben porque este tema xa se consultou aquí, xa se explicou aquí e ese era o motivo polo que se parou ese contrato.

Eles non teñen ningún problema, nin esconden nada, nin ocultan nada, o que queren é facer o traballo e sacalo canto antes e, evidentemente, hai cousas que son urxentes, sobre todo as que teñen subvencións. O Sr. Taibo entenderá que el, como concelleiro de Contratación, ten que darlles prioridade, porque non se poden permitir, coa situación na que están, perder subvencións, pero hai contratos como o de telefonía ou o de subministración de enerxía eléctrica, que agora mesmo son servizos que están liberalizados, que non reciben informe de reparo, e que aquí nunca se contrataron, e tamén están en reparo, e hai que contratalos.

Ou sexa, que xa non son só os que aparezan nos informes de reparo da Conta Xeral, hai máis cousas.

Don Luis Miguel Taibo Casás dille que, que el saiba, neses casos non van os traballadores do concello a facer ningún tipo de reparación. Nos que el está dicindo si

que van os traballadores do concello a facer reparacións, e senón que llo confirme o concelleiro de Obras, porque para solucionar as cousas ao mellor dependen dos traballadores do concello, e non o fai quen realmente lle corresponde.

Non quería, pero di que vai ter que repetirlo outra vez. O Sr. Andreu dille que a xente do concello ten moitísimo traballo, que teñen carencias de persoal, pois se o Sr. Andreu non se dedicara a entretelos, como os está entretendo cos seus correos electrónicos, pois ao mellor tiñan máis tempo para realizar o seu traballo.

Don Felipe Andreu Barallobre dille que dálle e dálle a carraca. Recoñécello, pero se o Sr. Taibo pretende dicirlle a alguén que o traballo neste concello está retardado por un correo electrónico, pois ao mellor é unha cousa que o concelleiro de EU se pode crer, pero el o sinte moito, era o Día dos Santos Inocentes, era unha broma, e cando lle sacan ese tema a el o que lle entra é a risa, non lle entra outra cousa. E di que non é unha falta de respecto a ninguén, de verdade llo di, simplemente, ao mellor, é que ten demasiado sentido do humor.

El contéstalle as cousas con sinceridade, a situación é esa, pode crelo, porque llo di de verdade, están intentando facer todo da forma máis transparente posible en materia de contratación, supón que o saben porque saben as decisións que el como concelleiro tomou en materia de contratación para que na medida do posible, porque sempre hai excepcións por cuestións de prazo, se evitaran as invitacións concretas a empresas, e para que todos os contratos se fixeran coa máxima publicidade, que iso era o que eles criticaban na pasada lexislatura, que aquí sempre se invitara a tres ou catro empresas, e iso é xusto o que eles non están facendo.

Conclúe dicindo que a situación é esa, esa é a realidade. El dilles que a situación agora está normalizada, e a partir de agora el cre que van ter avances importantes con eses contratos.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que dende logo aquí están eles para seguir reclamando e para seguir esixindo que se cumpra o que solicitaron no rogo.

Respecto do que dixo deses correos que mandou, dille que pode ser moi simpático, pero non se pode frivolar coas persoas, sobre todo coas persoas máis vulnerables. Dille que o faga no ámbito dos seus amigos e que llo diga aos seus amigos, e non a esas persoas, sinceramente llo di. Pídelle que a vindeira vez o pense dúas veces, porque é un desprestixio para o concello e para o conxunto da Corporación, non só para o Sr. Andreu, senón para todo o concello, porque son o albo das risas, sempre saen na prensa por estas cousas.

Intervén o Sr. alcalde e pídelle ao Sr. Taibo que se atinxa ao rogo, que está moi ben esa aclaración, pero que vale. Dá paso ao seguinte rogo.

3º O noso grupo municipal xa ten exposto en diversas ocasións o perigo que supón para a circulación rodada e peonil a ausencia de iluminación na ponte da ría do Burgo, con beirarrúas deficitarias e escasa capacidade para a circulación de aproximadamente 70000 vehículos diarios. O conselleiro de Infraestruturas da Xunta de Galicia ten manifestado que as obras empezarían no pasado ano.

Pregamos nos informen da situación do proxecto para a mellora da seguridade viaria no mencionado lugar e o seu contorno.

O Sr. alcalde explica que, como saben, ese proxecto estivo adxudicado a unha empresa chamada Oca, que entrou en concurso de acredores. A Xunta de Galicia rescindiulle o contrato, volveuno a sacar a contratación e está adxudicado a unha empresa que se chama Taboada e Ramos, e está pendente de asinar con ela o contrato para que comecen as obras. A Consellería de Infraestruturas calcula ter asinado ese contrato a finais de febreiro e dar comezo ás obras de ampliación da ponte do Burgo.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, di que lle alegra. Nada máis quere dicir, un pouco á marxe disto, que efectivamente as cousas levan o seu tempo, estes procesos ás veces son demasiado longos, pero di que na ponte do Burgo parece que hai unha diferenza establecida na propia ponte entre o Concello de Cambre e o Concello de Culleredo.

Di que cando o Concello de Culleredo ten un paso de peóns no seu termo municipal, perfectamente iluminado cun reflector, no Concello de Cambre a xente ten que facer números para cruzar. Alí non hai ningún reflector que ilumine, está a escuras de todo. En Culleredo non hai tanto que se puxo, e esas cousas hai que intentar melloralas, porque están xogando coa seguridade das persoas.

### **Rogos do BNG presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 00/630 o día 27 de xaneiro de 2014, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º No pleno do pasado mes de decembro o BNG presentou un rogo no que se instaba á Concellería de Obras á reparación e ensanche do tramo inicial do camiño da rúa Samosteiro. Na semana do 20 de xaneiro, operarios municipais encheron con alcatrán varios anacos do pavimento que estaban rotos, máis o estado do tramo segue merecendo a cualificación de lamentable xa que, como se dixo no devandito rogo, é un tramo de estrada que leva moitos anos sen renovarse.

Por todo o exposto rogamos, por segunda vez, que se asfalte completamente ese tramo da rúa Samosteiro e se amplíe para que, polo menos, sexa transitable a un tempo por un vehículo e un peón.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro delegado de Obras e Servizos, explica que o que se fixo foi tapar as fochas e poñelo minimamente transitable. En canto a aglomeralo totalmente ou facer unha ampliación, sobre todo para aglomeralo hai que metelo nun programa, xa sexa un POS ou se hai algunha outra subvención para camiños, ou ao mellor no orzamento municipal se ven que é moi urxente.

Para o tema da ampliación hai que facer xestións cos propietarios lindeiros co camiño para poder ampliálo, non é chegar e facelo de xeito tan rápido. Van mirar a ver que poden facer, pero en principio tapar as fochas é a única solución que se lle pode dar

neste momento, así precipitadamente. Mirarán a ver se o poden incluír nalgún programa de asfaltado de camiños como están asfaltando agora outros polo termo municipal. Agora mesmo non está incluído en ningún.

2º Rogamos informen de cal é o estado das negociacións, se as houber, entre o concello e a mitra compostelana en relación coa reitoral de Bribes.

O Sr. alcalde explica que negociacións non hai, que el ten pedida unha entrevista co arcebispado que está prevista para a vindeira semana, pero negociacións non hai ningunha.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, dille ao Sr. alcalde que ten que entender que el está obrigado a dicirillo. En parte, dende que formularon este rogo, por así dicilo xa foi respondido a través dos medios de comunicación, en fin, entenden que se perverte un pouco, xa o teñen exposto eles e outros grupos en diversos momentos, o funcionamento do pleno se determinadas temáticas que eles traen a pleno e que son respondidas na prensa.

Eles entenden, loxicamente, que as cuestións que o equipo de goberno trae ao pleno as poidan facer públicas, faltaría máis, igual que eles fan as súas, pero iso de responderlles a través da prensa non o acaban de ver.

Neste caso celebran que se teña pedido esa reunión e a maiores, se lle permite, pregúntalle se para esa entrevista xa tiveron algún tipo de contacto, se dalgunha maneira se lles anunciou que se ía tratar este asunto, se ven boa disposición, e tamén deixando claro, que conste en acta, que este si que é un problema clarisimamente herdado, é dicir, antes de asumir o PP o Goberno a reitoral de Bribes estaba como estaba, e o caso de Pravio exactamente igual. Nese sentido, pregunta se lles avanzaron xa algo, se eles saben que se vai tratar, e que predisposición ven no bispado.

O Sr. alcalde contesta que simplemente foi pedida unha entrevista por teléfono, a cal colleu a súa secretaria, deulle cita para a vindeira semana para falar sobre o tema da reitoral de Bribes e a de Pravio. Iso é o que sabe, non sabe máis.

#### **4.3 Preguntas**

##### **Preguntas do PSdeG-PSOE presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 00/564 o día 25 de xaneiro de 2014, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª Os pais dos nenos e nenas do colexio Wenceslao Fernández Flórez denuncian as baixas temperaturas que teñen que padecer en tempo de inverno como consecuencia das limitacións horarias impostas na calefacción do citado centro educativo. Os rapaces que acoden ao Mañanceiro quéntanse grazas a radiadores eléctricos e, durante o horario lectivo, a calefacción funciona só dende as 9:00 ata as 11:30 da mañá, o que resulta a todas luces insuficiente para lograr unha temperatura confortable no centro, e pon en perigo a saúde dos pequenos.

Diante desta insostible situación, este grupo pregunta:

Que medidas se pensan levar a cabo polo Goberno municipal para posibilitar que o CEIP Wenceslao Fernández Flórez teña en inverno a temperatura axeitada para desenvolver os labores docentes dun xeito adecuado?

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, concelleira delegada da Área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, contesta que dende o concello a solución que se deu foi precisamente poñer as estufas eléctricas nos locais onde se desenvolve o programa Mañanceiro.

Respecto dos horarios do centro, a calefacción comeza ás 08:30 horas e o que lles din dende o centro é que se está desenvolvendo perfectamente, sen ningún tipo de problema cos horarios que teñen marcados ata agora. Di que eles no concello non recibiron ningunha queixa neste sentido. Cando era o do Mañanceiro si que as recibiran ao principio, cando comezou o frío, porque non estaba prendida a calefacción, solucionaron coas estufas eléctricas e dende ese momento non volveron ter outra queixa.

Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que simplemente dicirlles que lles gustaría que confirmasen, polo menos, esa hora que a Sra. concelleira di de acendido das 08:30, porque a eles cónstalles que é ás 09:00, e que o apagado faise ás 11:30, e os nenos saen da escola ás 13:30, 14:00 ou 14:30 horas nalgúns casos, polo cal en días de inverno dende a 11:30 que se apaga ata as 13:30, son dúas horas sen calefacción. Pide que se trate de adecuar o horario.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel expón que llo poden transmitir ao centro, pero é o centro o que decide os horarios da calefacción porque son eles os que a pagan, non a paga o concello. Son horarios que marcan eles, e din que despois de apagar a calefacción queda o suficientemente caldeado o ambiente como para poder estar sen ela. Ese foi o razoamento que lle deron, que dan as clases sen ningún tipo de problema.

En todo caso, ela pode reclamarllo ao centro e transmitirllas a queixa.

2<sup>a</sup> Na noite do 23 de decembro pasado, e na mañá do día seguinte, sufrimos un temporal de vento e choiva que produciu danos no noso concello. As caídas de árbores e de cables do tendido deron lugar a cortes no fluído eléctrico, que deixaron a moitas casas sen luz, nunha data tan sinalada. Tendo en conta que os servizos de información meteorolóxica tiñan avisado desta situación con anticipación suficiente, este grupo pregunta:

Que dispositivo de recursos humanos e técnicos puxo en marcha o Goberno para atender as demandas veciñais nesas datas?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro delegado da Área de Obras e Servizos, contesta que os recursos que estiveron dispoñibles, en certo modo como se estivesen de garda, dada a alarma roxa, eran Policía, Protección Civil e a brigada de Obras e



Servizos. Concretamente o día 24, dende as 08:30 da mañá, aproximadamente, ata as 17:00 horas, entre a brigada e Protección Civil retiraron das estradas do concello algo máis de 20 árbores que caeron e que interrompían o tráfico.

Había tamén algunhas árbores que caeron e estaban apoiadas en tendidos eléctricos de Fenosa e eses non os puideron tocar por se rompían algún tendido, pero o que foi liberar os camiños e estradas municipais, quedaron todos liberados cos avisos que tiveron. Atendéronse todos.

Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdG-PSOE, agradece a resposta, de todas maneiras di que ao seu grupo gustaríalle que lle pasaran por escrito, sobre todo do equipo de Protección Civil e da xente de Policía Local, o cadro de persoal, ou as quendas que había coa xente destinada para eses días, porque non lles cadran os datos que o Sr. concelleiro lles está dando.

Tamén, a ser posible, esta pregunta, aínda que non estaba explicitamente, tamén ía un pouco dirixida a saber que responsable político por parte do equipo de goberno, ou que responsables estaban de garda.

Don Manuel Marante Gómez contesta que, por parte do equipo de goberno, el botou aquí todo o día, tratando de coordinar eses problemas e posibles incidencias. Por parte da Policía municipal non fixo falta que viñera máis persoal do habitual, porque estaban dedicados a recoller practicamente os avisos. Protección Civil e a brigada de Obras coordinábanse coa Policía para ir atendendo aqueles avisos máis urxentes e, ao final, ás 17:00 horas, quedaron liberados todos os camiños sobre os que lles pasaron aviso os veciños.

Di que iso é o que hai, agora, se quere que lle pase unha relación, cre que a ten a Policía, unha relación de todos os puntos onde tivo que actuarse, a el ensináronlla, non sabe se a pasaron a limpo ou non, pero téñena, e recolle todas as actuacións que se deron ese día.

Don José Manuel Lemos Seoane di que non dubida da palabra do Sr. Marante, nin moito menos. A pregunta é clara, e o único que lle matizou foi que, a ser posible, queren coñecer o cadro de quendas de persoas, tanto de Policía Local como Protección Civil, que estaban en disposición de cumprir unhas quendas de traballo ese día. É dicir, de Policía Local hai "X" efectivos en quenda de mañá, "X" efectivos en quenda de tarde, se asistiron e cantos estaban presentes, e o mesmo en Protección Civil. Iso é ao que se refire.

Don Manuel Marante Gómez sinala que supón que o concelleiro de Persoal e Réxime Interior será o que lle poderá facilitar o listado do persoal que estaba de garda. El sabe que o dispositivo funcionou correctamente, baixo o seu punto de vista, e el estivo aquí toda a mañá ata as 16:00 h, tratando de coordinar un pouco cando había algún problema, fixar as preferencias de acordo coa Policía e coa brigada.

Di que el pode falar do que el fixo, o tema do persoal, canto persoal había, el sabe o que había na brigada de Obras, o persoal que había na Policía municipal ou

Protección Civil o saberá o concelleiro de Réxime Interior. Aínda que el coordinou o tema, el non tivo ningún problema.

Don José Manuel Lemos Seoane volve agradecerlle a resposta e reitéralle o que o seu grupo demanda, sexa ao concelleiro de Persoal ou ao concelleiro encargado de Protección Civil e Seguridade Cidadá, porque entenden que con algo avisado como iso, tiña que haber un dispositivo de sobremaneira, especial, de cara a unha situación que podía ser, como foi en moitos casos, para moitos veciños, prexudicial para os seus intereses.

3ª En noticia recollida polos medios de comunicación escrita o pasado día 24 de xaneiro de 2013, dábase conta das xestións que realizaba o alcalde de Cambre para buscar fórmulas de coordinación entre os servizos de emerxencias e protección civil municipais cos dos concellos de Culleredo e Oleiros. Transcorrido xa un ano desta noticia, este grupo pregunta:

Cal é o resultado das xestións realizadas para coordinar os sinalados servizos?

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que van retirar a terceira pregunta.

Tamén quere facerlles partícipes dunhas manifestacións que lle fixo na saída que tivo hai un rato don Manuel Bish, o irmán de don Bernardo Bish, que estaba no corredor, e que lle dixo que agradecera a todos os grupos da Corporación, en nome persoal e da súa familia, o apoio que todos manifestaron en canto ao recoñecemento ao don Bernardo Bish cuxo nome se puxo ao polideportivo de Brexo-Lema.

### **Preguntas de UxC presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 00/573 o día 25 de xaneiro de 2014.

1ª O 25 de outubro de 2013, o grupo municipal de Unión por Cambre solicitou copia das actas dos plenos do Consorcio das Mariñas. Por isto o noso grupo pregunta:

Por que a día de hoxe non se nos contestou?

O Sr. alcalde contesta que non sabe se ao mellor é culpa súa, pero el dixo que pasaran todas as actas do Consorcio, non só a que estaba na páxina web. Sabe que xa obtiveron todas as actas e estarán en disposición de darllas o luns ou ben pasarllas por correo electrónico. Son todas as actas do Consorcio dende que eles participan no pleno.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, indica que cre recordar que había outros grupos que o tiñan solicitado aquí en pleno, non por rexistro.

O Sr. alcalde aclara que estase referindo a todos os grupos, non só a UxC.

2ª O 25 de outubro de 2013, o grupo municipal de Unión por Cambre solicitou por rexistro, copia dos escritos polos cales segundo as declaracións do Sr. alcalde tanto

en prensa como en plenos municipais, defende e esixe o trazado da vía Ártabra aprobado neste concello.

Por que a día de hoxe non se nos contestou?

O Sr. alcalde contesta que el non ten copia de ningún escrito, porque non hai escritos máis que os que había antes desa data. El non foi con ningún outro escrito. Di que el defendeu en prensa a vía Ártabra, o trazado que fixo o concello, e segue a defendelo. A Xunta de Galicia despois fixo un estudo de mobilidade, suspendeu un treito do que pasa por Cambre entre a AP-9 e a A-6, e el non ten ningún escrito reclamando outra cousa á Xunta de Galicia. Non existe ningún escrito.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que, como dixo antes co tema da piscina, o que se fai por escrito queda por escrito e queda por rexistro.

En todo caso di que a pregunta é clara, por que a día de hoxe non se lles contestou, dende o 25 de outubro do 2013. Simplemente querían unha resposta, e a resposta que deu o Sr. alcalde, valíalles. Simplemente enviar a resposta por correo electrónico ou dicirlllo aquí en calquera momento no que o viu, dicirlle que non había nada diso e xa está.

O Sr. alcalde explica que así pasou e non sabe por que. O Sr. García Patiño presentou ese mesmo día dous requirimentos, o día 25 de outubro, e ao mellor quedoulle traspapelado, non lle di que non. Di que el se preocupou de reclamarlle ao Consorcio As Mariñas que lle mandara todas as actas, non soamente as que tiña colgadas na páxina web, e ao mellor non se preocupou de contestarlle que non había escritos en referencia a iso.

3ª Veciños da rúa Constitución no Graxal, achégannos as súas queixas sobre os contedores situados ao carón da garaxe do edificio núm. 1, entorpecendo a saída dos vehículos por falta de visibilidade.

Teñen pensado solucionar este problema?

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de UxC, aclara que cre que non é o portal 1, é o primeiro garaxe que se atopan segundo entran á rúa Constitución.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro delegado da Área de Obras e Servizos, contesta que en relación coa entrada dese garaxe xa hai tempo que veu un veciño aquí a reclamar a Obras e Servizos, estivo falando con el, e foi alí con el. Antes os contedores estaban máis cara á entrada da rúa Constitución e aparcábanlles coches alí, á parte dos que aparcaban despois naquela illa que hai no medio, e claro, tiñan problemas para saír.

Di que chegou a un acordo con eles para poñer os contedores máis preto do garaxe, de maneira que non puideran aparcarse alí e puideran ter mellor visibilidade para saír dos garaxes. Incluso lle puxeron un bolardo na zona saíndo do garaxe á man dereita, despois da entrada do garaxe, pero iso desapareceu en dous días.

A solución que el pensa que poden ter pasa porque compren unhas illas de cemento, que se poñen en máis sitios na zona, que as poñen as comunidades de veciños nas entradas dos seus garaxes, de maneira que non poden aparcar os coches alí. Reitera que se quitan os contedores, apárcanlles os coches. El cre que lles ocupa bastante menos o contedor e que lles prexudica menos. Se queren comprar unhas illas desas, que as compren, el outra solución non a ve.

Dona Elisa Pestonit Barreiros di que entón a solución ao problema é que a comunidade de veciños compre iso que di o Sr. concelleiro, e xa está.

Don Manuel Marante Gómez pregúntalle que quere que el lle faga. Se lles quita os contedores, aparcan os coches.

Dona Elisa Pestonit Barreiros dille que o que ten que facer é ir alí a falar cos veciños, e se xa foi, que volva, e como se ten que ir 20 ou 30 veces.

Don Manuel Marante Gómez expón que xa foi, e que iso xa llo dixo aos veciños, o que pasa é que os veciños irán reclamando a outros, outros e outros.

Dona Elisa Pestonit Barreiros di que non, o que pasa é que os veciños como o problema non se lles soluciona, entón foron xunto a eles.

Toma a palabra o Sr. alcalde para rogarlles que respecten a quenda, que se contesten o un ao outro, porque senón non lles entende ningúen.

Dona Elisa Pestonit Barreiros manifesta que aínda así, respectando a quenda, está claro que non se entenden, porque acaban todos os plenos da mesma maneira.

O Sr. alcalde dille que fale un e conteste o outro, se falan os dous xuntos el non os entende, nin el, nin cre que o público. A continuación, dálle a palabra á concelleira de UxC.

Dona Elisa Pestonit Barreiros di que, entón, ela o que lle di ao Sr. Marante é que vaia xunto aos veciños e que lles diga iso, porque isto é unha carallada, non ten outra palabra que dicirlle, é a verdade. A ela mañá vanlle preguntar os veciños e vailles dicir, aí non, é que tedes que comprar uns chismes, que dixo o concelleiro de Obras, para poñer aí, para que non aparquen os coches, e punto. Di que non, que parece que están de broma.

Don Manuel Marante Gómez di que ela pregúntalle para poder dicirlle algo aos veciños. El díxolle o que fixo, foi alí e estivo cos veciños, e estalle dicindo o que se fixo para mellorar a entrada e saída do garaxe. Púxose unha illa, puxéronse incluso uns bolardos que os romperon todos os veciños, ou algúns non serían veciños, pero el sabe dalgúns veciños por oídas, non lle dixeron quen, pero que andaron a patadas con eles para rompelos.

Pídelle que non diga que el non se preocupou de resolverlles o problema para que puideran saír sen problemas do garaxe, agora púxose unha illa de cemento para que precisamente non rompan os bolardos. Se agora non poden saír ben, terán que poñer

unhas illas desas, que as terán que comprar eles, como as compran outros noutros garaxes.

Concretamente alí, se alguén se mete pola Tapia para arriba, dando a volta no semáforo, meténdose máis arriba, naquel garaxe que hai xusto ao pasar os dous bancos que hai alí, hai unhas illas desas, que as compran os veciños para poñer, para protexer e para que non lles aparquen os coches e ter saída ampla para poder saír dos garaxes.

Di que iso é o que está dicindo, e dille que non se esqueza de que os veciños teñen que pintar os vaos na calzada, aínda que cando o concello fai algunha obra se pintan ou se repintan, pero se non é así, son os veciños os que teñen que pintalos e poñer eses elementos.

El estalle dando solucións, e se ela llo quere dicir aos veciños, dille que el xa intentou resolverlles os problemas, que estivo alí con eles varias veces, que non foi unha vez soa. El mirará os contedores que hai, e se hai que apartalos un pouquiño para atrás, el faino, non hai problema ningún, agora, se despois lles aparcan coches....

Dona Elisa Pestonit Barreiros di que ao mellor ten que volver a ir alí e falar cos veciños, non sabe o el que ten que facer, ela o que vai facer é traerlle isto en forma de moción, a votan e punto, porque é a única maneira. Conclúe dicindo que ela pola súa parte non ten nada máis que dicir.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que el cre que non é unha resposta dicir que os veciños teñen que comprar unhas illas e poñelas en solo público. Cre que iso non é unha resposta para unha pregunta tal e como se fai aquí, cre que é unha falta de respecto total e absoluta a este grupo que presentou unha pregunta moi ben feita, cre sinceramente.

Aos veciños hai que darlles solucións, e se realmente hai un perigo porque o hai, na entrada e saída dese aparcadoiro o que hai que buscar é unha solución, a que sexa, pero haberá que buscala, e a solución, dende logo, non pasa por dicirlle a un veciño que compre unha illa, ou un chisme ou o que sexa, e que o poña aí, en solo público, esa non é unha solución, polo menos aceptable pola súa parte.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que el de verdade que non o pode entender, é dicir, saben que é solo público, pero eles pagan un vao, igual que outra persoa paga unha terraza ou calquera outra ocupación de solo público. Pagan, e o concello non lle vai arranxar a terraza do bar, loxicamente. O que está pagando é un uso e teñen que responsabilizarse del.

Nalgúns casos co vao resólvese o problema sen máis, como el intentou facelo nesa zona, puxéronlle incluso un bolardo na saída cara á dereita, non o respectaba ninguén, puxéronos na illa para que non aparcaran os turismos alí, rompéronos todos, entón el non sabe que facerlle. Os contedores puxéronos para que estorbaran o menos posible. Pide que non digan que non os atenderon, el atendeunos o mellor que puido, e agora dilles que ao mellor unha solución é poñer un armatoste deses de cemento, como se poñen noutros lados, como no garaxe da parte de arriba dos bancos, pola

Tapia, e que non pasa nada. Agora, se non o queren poñer os veciños ou non lles queren dicir que non, iso non é cousa súa.

Di que se os veciños queren ir xunto a el para falar e ver o tema, el non ten ningún problema. Algún dos veciños dos que reclamaba ten o seu número de teléfono para chamarlle, porque ben que o chamou das outras veces, e el foi sen problemas. Outra cousa é que non lles gustara a solución ou que polo que sexa non se lles respecte, e el aí xa que non entra, el intenta resolver as cousas.

O Sr. alcalde dilles aos Sres. concelleiros que vista a discusión que hai sobre este tema, que non se preocupen, que el vai ir persoalmente a velo, a ver se iso está en solo público ou privado, porque o que está reclamando esta pregunta non é sobre a rúa.

### **Preguntas de EU presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 00/567 o día 25 de xaneiro de 2014, xunto coas mocións e rogos presentados para este pleno.

1ª O pasado mes de decembro, o Goberno municipal puxo en marcha unha campaña sobre prevención en materia de seguridade viaria para persoas maiores, co obxectivo de prever accidentes en vías públicas. Chama a atención que en lugares onde existe risco permanente de accidentes e como consecuencia denunciado polo noso grupo, non se teñan tomado as medidas axeitadas para dar solución aos problemas, estamos a referirnos ao paso de peóns situado na estrada de Cambre ao Temple (Volta das Carrozas), ao situado no acceso á autoestrada no Temple, ou mesmamente á restructuración do tráfico en varias vías do Temple.

Por isto preguntamos:

Para cando pensa o Goberno dar solución a estes problemas?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro delegado da Área de Obras e Servizos, contesta que hai agora unha subvención de Deputación para todos os concellos e están preparando o proxecto. Hai varios deses pasos de peóns que se van incluír aí, non só estes aos que se fai referencia aquí, senón cara ao centro de saúde, diante da igrexa, etc. Tan pronto como estea rematado o tema, a idea é de elevalos, nestes casos de por aquí, outros é pintalos ou modificar o sitio. Cando teñan o proxecto preparado, farállelo chegar sen problemas.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que xa o dixo máis dunha vez, parécelle que a seguridade viaria en Cambre é unha materia pendente que teñen todos, e sobre todo o Goberno, que é o responsable de corrixir todas esas deficiencias que hai.

Volve insistir, e parécelle que é a terceira vez, en que non é de recibo ter un paso de peóns onde se termina un garaxe. Di que é unha vergonza, hai un paso de peóns na Volta das Carrozas que termina na rampla dun garaxe. Dille ao Sr. Marante que isto hai un ano que viu a pleno, por non dicir máis. Concretamente, cre que é a terceira vez

que se reclama, o que pasa é que o Goberno ten que poñer interese en solucionar estas cousas, que como dixó antes, están xogando coa seguridade viaria, coa seguridade das persoas. Se por parte do Goberno se puxera un pouco de vontade, o que pasa é que se esquecen das cousas que veñen aquí, pleno tras pleno. Antonte díxollelo nas comisións, que se esquecían das cousas. O Sr. concelleiro volveu apuntar, e seguramente se volverá a esquecer, o tema do cemiterio, moitísimas cousas. Pídelle ao Sr. Marante que non se ría e dille que está no uso da palabra ata que o Sr. alcalde lla saque.

Continúa dicindo que hai un montón de historias que eles non fan, e teñen que estar insistindo, e teñen que comprender que eles se teñen que enfadar, porque por detrás deles están os veciños, que son os que pagan os impostos e queren servizos.

Don Manuel Marante Gómez dille que por detrás deles tamén están os veciños, que tamén pagan os impostos. Xa sabe que pagan impostos, pero aquí é moi fácil en dúas horas dicir cincuenta e mil cousas que hai que facer, pero despois hai que levalas á práctica, e iso leva moito máis tempo, ao mellor leva bastantes días, ou bastantes semanas ou moito tempo facelas. Aquí, en cinco minutos sentados arranxan moitas cousas no momento, pero el ten que ir facéndoas pouco a pouco, e a el parécelle que vai tratando de cumprir, máis ou menos, cos temas. Agora ben, que haxa algunhas que se atrasan, por uns motivos ou por outros, efectivamente, están de acordo, e que algunha ao mellor vai quedando e quedando e ao final queda no esquecemento, tamén o recoñeceu e o recoñece sempre.

Agora, iso do paso de peóns da Volta das Carrozas non é ningún esquecemento. Estivo cos técnicos alí, e xa explicou neste pleno como tiñan ideado facelo, e onde tiñan ideado poñelo. Ata o momento non puideron facelo porque leva tempo chovendo, e tampouco é que estean agardando xusto un momento en que ao mellor para de chover, porque talvez nese intre hai outras cousas que hai que facer tamén.

Di que non o puido cambiar de momento, pero a idea si que é esa, metelo fronte a floraría, xa o tiñan falado aquí. El non ten ningún interese en que non se faga, el ten o máximo interese, igual que os demais, en que se faga. Pero cando empezaron a pintar mentres houbo un pouco de bo tempo antes do inverno, empezaron a pintar pasos de peóns polo centro de Cambre, e cando ían chegando cara abaixo, púxose a chover, e de momento segue chovendo.

Conclúe dicindo que non digan que non intentaron poñer os pasos de peóns o mellor posible nas zonas urbanas.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que, efectivamente, fixeron unha campaña de pintado e repintado de pasos de peóns, e el cre que cando se fai iso haberá que establecer unha preferencia, e para el ese é preferente, ao mellor antes que outros, aínda que todos son necesarios.

El ben sabe que o Sr. Marante non ten unha variña máxica, di que o comprende, dáse conta, e claro que sabe que el non pode dicir que maña se fai este, ese e aqueloutro, pero hai cuestións que son moito máis fáciles, e el non sabe se é a desidia, porque xa llo repetiu o outro día, cambiar unha pechadura na porta do cemiterio, simplemente

iso, e poñer un letreiro a ambos lados, iso non leva tempo, iso hai que facelo e nada máis. Di que iso é o que os enfada, esas cousas os enfadan. Doutras cousas si que son conscientes que ás veces non son fáciles.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que o tema do cemiterio pódelle asegurar que ao día seguinte de saír do pleno deu as ordes para que se fixera, púxose de acordo coa Policía nos horarios para pechalo e abril, e mandou facer uns carteis e cambiar a pechadura. Di que de momento non se fixo, porque ao mellor houbo outras urxencias, pero el mandouno facer. Pode haber cousas que non se fan, pero non porque el marche do pleno e se esqueza delas.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que os concelleiros fan das preguntas un debate. El considérase bastante permisivo, pero a pregunta é pregunta-resposta. Se eles queren debatelo, haberá que presentalo como un rogo. Pídelles que se dean conta de que son as doce menos vinte, aínda queda o BNG e el non quixera deixar fóra as súas preguntas.

2ª No pasado pleno do mes de decembro, aprobouse unha nova taxa polo servizo da rede de sumidoiros, o noso grupo formulou a posibilidade de que as familias con menos recursos puideran ter algún beneficio fiscal, do mesmo xeito que o establecido na ordenanza polo servizo da rede de sumidoiros.

Poden informarnos das valoracións feitas polo Goberno en relación con este tema, e das determinacións que pensan tomar?

Dona Marta Mª Vázquez Golpe, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo, contesta que eles xa no pleno anterior manifestaron a postura lóxica de que o mesmo beneficio que existe para a taxa de consumo, pois debe aplicarse á nova taxa.

Agora mesmo niso están, só quedan por resolver algunhas cuestións técnicas que teñen que ver co feito de que a taxa se aplica a outros municipios da área. En canto os teñan resoltos, que será en breve, o traerán a pleno se é necesario, ou non, se é de aplicación directa. Queda por resolver esa cuestión, porque ao ser unha taxa que afecta a máis dun municipio o que hai que ver é como trasladala á ordenanza municipal, se é de forma directa ou se non o é. Cando estea dilucidada esa cuestión di que lles informará.

Ante unha pregunta da concelleira de EU, continúa explicando que o concello ten unha ordenanza que regula a taxa que paga o consumidor polo consumo de auga. Era unha taxa aprobada por este pleno á que se lle aplica un beneficio, que pode chegar a ser ata do 100% para as persoas sen recursos. No momento en que a esa ordenanza se incorpora unha taxa que non se basea nun estudo económico dun consumidor habitual de Cambre, verán a ver se ese beneficio se pode aplicar directamente a esa taxa, ou se terán que facer un estudo baseado na nova taxa.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, sinala que o concello ten unha ordenanza e máis unhas bonificacións, as que se fan para outros servizos, e o que se pretende é que se fagan para sumidoiros, nin máis nin menos. Pregunta por que se



ten que falar con outros, comparar co consumo doutros concellos ou coa EDAR de Bens. Di que é o propio Concello de Cambre o que ten a ordenanza, e nesa ordenanza é onde ten que figurar esa bonificación no tema da rede de sumidoiros. Para eles é así de sinxelo.

Dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe di que xa, pero que o primeiro que teñen que ver é se poden aplicar a bonificación directamente ou non. Di que iso non é tan fácil, que as taxas xa saben como funcionan, non é dicir que agora van aplicar a unha taxa unha bonificación directamente, ao mellor non. Iso é o que lle informan a ela os servizos económicos, que primeiro hai que ver esa cuestións.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, concelleira de EU, pregunta se pediron un informe aos servizos económicos sobre a viabilidade de aplicar a bonificación.

Dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe di que claro, que de momento non se fixo, pero que se vai facer, porque o que lle dixeron a ela é que antes de aplicar a taxa hai que ver iso. En canto o vexan, loxicamente aplicarase o beneficio, como non se vai aplicar, igual que se está facendo noutras.

Di que ao mellor non hai que facer ningún tipo de estudo económico, ao mellor pode resultar que sexa de aplicación directa, e non haxa que facer nada, nin traelo a pleno, simplemente aplicalo como se fai habitualmente.

3<sup>a</sup> O Goberno do concello mediante a concelleira responsable de Urbanismo trasladou aos grupos da oposición un borrador de Ordenanza de instalación de terrazas de hostalería nas vías públicas e espazos privados de uso público do municipio.

Transcorrido máis dun ano non temos coñecemento do estado de elaboración do mencionado documento nin dos motivos que impiden ao Goberno o seu tratamento para a posterior aprobación.

Para cando ten previsto o Goberno a presentación da ordenanza que regule a instalación de terrazas?

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que está practicamente terminada e a traerán para o vindeiro pleno de febreiro.

### **Preguntas do BNG presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 00/630 o día 27 de xaneiro de 2014, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1<sup>a</sup> O Goberno do PP da Coruña, a través da Fundación Emalcsa, formalizou un contrato coa unión de empresas EPTISA e INECO o pasado día 21 de marzo de 2013 (data do acordo de adxudicación de 14 de febreiro) para a realización dos servizos consistentes na definición da estratexia de mobilidade da área urbana da Coruña e na realización do Plan de mobilidade urbana sustentable da Coruña.

A primeira fase consiste na análise e diagnóstico da situación de mobilidade da Coruña e da súa área metropolitana que se supón que será fundamental para definir, sustentar e xustificar a escolla de solucións a implementar. O documento de análise e diagnóstico debe incluír como mínimo, segundo os pregos, o diagnóstico do transporte público, tráfico privado, usos do chan, sistemas viarios, aparcadoiros, seguridade viaria, aspectos medioambientais e enerxéticos, accesibilidade e xestión tecnolóxica e de coñecemento.

O Goberno local da Coruña sinalou en reiteradas ocasións que contaría coa participación dos concellos da comarca para elaborar o PMUS.

Queremos saber se se dirixiu nalgún momento algún membro do Concello da Coruña ao Goberno local para solicitar información e pedir a súa participación para elaborar este documento de análise e diagnóstico da situación da mobilidade na comarca da Coruña e en que está a colaborar Cambre e en que situación se atopan eses traballos, se se realizou neste sentido algunha reunión, adoptouse algún acordo ou conclusión do traballo realizado.

O Sr. alcalde contesta que está en contacto coa concelleira de Mobilidade da Coruña e están facendo un estudo pormenorizado co Concello de Arteixo, a continuación irán co de Cambre.

2ª Cal é o estado do proxecto do denominado vial 11?

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que se están estudando por parte da Xunta as alegacións presentadas.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, pregunta se non teñen unha valoración da Xunta.

Dona Rocío Vila Díaz contesta que non.

Antes de finalizar a sesión, don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, lémbrale ao Sr. alcalde que o seu grupo ten unha pregunta pendente do pleno do 19 de decembro, e precisamente para non estender máis o tema, e xa que era para don Felipe Andreu, que non estaba presente, van traela para o pleno de febreiro, pero rogaríalle que se fora anticipando, que a lera, para darlles contestación no pleno de febreiro. Di que é sobre o inventario de camiños.

Don Felipe Andreu Barallobre dille que se quere contéstalle agora.

Don José Manuel Lemos Seoane responde que grazas, pero non.

O Sr. alcalde pregunta que número é.

O concelleiro do PSdeG-PSOE contesta que a pregunta número 1 do pleno de decembro.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e tres horas e corenta e cinco minutos, do que eu, secretaria por delegación, certifico.

O presidente

A secretaria por delegación

Manuel Rivas Caridad

Verónica M<sup>a</sup> Otero López